

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 3 de agosto de 2017**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez

**Invitados**

D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día tres de agosto de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, a interventora xeral adxunta, Sr. Gómez Corbal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(793).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente o 4 de xullo, ordinaria e extraordinaria e urxente do 6 de xullo, extraordinaria e urxente do 10 de xullo, ordinaria e extraordinaria e urxente do 13 de xullo, extraordinaria e urxente do 17 de xullo, ordinaria do 20 de xullo e extraordinaria e urxente do 21 de xullo de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(794).- PROXECTO DE CONVENIO CON ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A. E VITRASA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE INNOVACIÓN TECNOLÓXICA NO PROCESO DE IMPLANTACIÓN DUN NOVO**

## **DISPOSITIVO MÓBIL MULTIFUNCIONAL QUE MELLORE OS PROCESOS DE XESTIÓN PARA O USO DOS DIFERENTES SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS. EXPTE. 8267/113.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28/07/17, e o informe de fiscalización do 31/07/17, dáse conta do informe-proposta do 26/07/17, asinado polo xefe do Servizo de Admón. Electrónica, e o concelleiro-delegado da Área, que di o seguinte:

As novas tecnoloxías están a cambiar a nosa forma de interaccionar e relacionarnos co mundo que nos rodea, permitindo a comunicación mediante novas canles de fácil acceso. Nesta contorna nace o concepto de Administración Electrónica, referíndose ó uso de medios electrónicos que permiten o desenvolvemento de servizos e interacción e comunicación entre as Administracións Públicas e os cidadáns. Este concepto de Administración Electrónica vai máis aló do meramente administrativo, xa de obrigado cumprimento dende a entrada en vigor das leis 39/2015 e 40/2015, e debe expandirse ó modelo de servizos e a forma en que o cidadán consume ditos servizos proporcionados pola administración, tanto os tradicionais como os novos que estes novos tipos de comunicación electrónica facilitan.

Este novo sistema de comunicación baséase na identidade dixital, concepto análogo ao de identidade persoal, constituídos polo conxunto de trazos ou credenciais que caracterizan á un individuo mediante medios electrónicos. Este novo elemento de acceso ós servizos, a mais da identificación debe proporcionar como mínimo as seguintes funcionalidades

- Control de presenza. Facilite o acceso a recintos e servizos
- Almacenamento da información asociada. Permite asociar información a unha identidade
- Medio de pago. Permite o abono de servizos relacionados coa Administración Municipal.
- Fidelización. Permite interaccionar co administrado e fomentar comportamentos.

As funcionalidades anteriores teñen como finalidade achegar vantaxes ao cidadán como poden ser:

- Simplificación nos accesos a edificios, instalacións e transportes públicos, dunha maneira rápida e sinxela.
- Adición ou eliminación de novos servizos rapidamente, simplificando os trámites necesarios para levalos a cabo.
- Comodidade para o cidadán, grazas á unificación nun mesmo sistema de acceso de varios servizos para os que ata agora se necesitaban diferentes cartóns (por exemplo, o carné da biblioteca, o carné para o uso de instalacións deportivas, os billetes para o transporte urbano, os cartóns de fidelización de museos e centros culturais, cartón moedeiro electrónico para as máquinas expendedoras en instalacións oficiais,?).
- Axilidade á hora de realizar pagos.
- Aumento da seguridade na identificación do usuario, grazas ás claves e as propiedades criptográficas .
- Acceso a zonas personalizadas nas páxinas web dos Concellos, que posibilitan a realización de trámites administrativos por medios electrónicos.
- Posibilidade de asinar electronicamente documentos, de maneira que sexa equivalente á firma manuscrita.
- Acceso a descontos, promocións e tratos preferentes aos usuarios da mesma.

Pero as vantaxes non se reducen só ó usuario do sistema, senón que o Concello tamén ven de beneficiarse polo seu uso:

- Facilitar ao cidadán os servizos aos que accede, repercutindo na imaxe que estes teñen do Concello.
- Difusión da imaxe da cidade , posto que os cartóns presentan servizos propios da localidade , e poden personalizarse gráficamente con imaxes e logos da cidade.
- Posibilidade de rastrexabilidade dos servizos, de maneira que se obteñan feed-back, estatísticas e cadros de mando que permitan tomar decisións e realizar melloras baseadas no uso que os cidadáns realizan dos mesmos.
- Integración dos sistemas asociados aos servizos prestados, de maneira que se poidan intercambiar a información, sexan interoperables e axilícense os trámites.
- Axilidade nos trámites e unificación de criterios para acceder aos servizos.
- Redución do custo asociado aos cartóns (ao unificar os servizos nunha mesmo cartón, necesítase un número menor de cartóns, mellores ofertas de provedores das mesmas) e posibilidade de ter un único medio de xestión e distribución.
- Posibilidade de filtro dos servizos segundo certas características dos usuarios (novos, terceira idade, discapacitados, desempregados).

Entre o servizos os que reportaría beneficios, tanto aos cidadáns como á administración así como ós pestatarios de servizos, a implantación desta chave dixital de acceso destacan:

- Acceso ao transporte urbano, ben sexa mediante un uso no que é necesario recargar no dispositivo de identificación, que funciona como moedeiro electrónico, ben sexa mediante bonos que se abonan mensualmente/trimestralmente/anualmente.
- Acceso a instalacións deportivas, como poden ser os polideportivos municipais, campos de fútbol, baloncesto, ximnasios, piscinas municipais, pistas de pádel ou de tenis.
- Bibliotecas, fonotecas, filmotecas: tanto para acceso físico ás súas instalacións, ou a diferentes zonas das mesmas, como para o préstamo dos materiais que conservan.
- Aparcadoiro en zonas de estacionamento regulado ou párquines públicos, para o pago no caso do non residentes, ou identificación do vehículo para os residentes.
- Acceso en coche ás zonas peonís para residentes.
- Acceso físico a centros culturais, museos. Tamén se podería incluír o pago da entrada, ou promocións, bonos e descontos para os seus usuarios.
- Acceso aos comedores, centros de día, centros de maiores, e a calquera centro de carácter social.
- Moedeiros electrónicos, para máquinas expendedoras en edificios e instalacións municipais.
- Acceso a internet en zonas de Wifi que ofrezan os municipios.
- Descontos e promocións en tendas e zonas comerciais que se adhiran ao proxecto.
- Aluguer de bicicletas.

Esta “**chave electrónica de acceso**” ós servizos municipais, en aras a cubrir un o mais amplo espectro de poboación, ten que ser un híbrido, con un compoñente que se permita asociar a tarxetas físicas intelixentes, do perfil das “tarxetas cidadáns” e tamén un perfil dixital de tal xeito que poida ser soportado por novos elementos como smartphones, pulseiras intelixentes ou soportes físicos similares.

De todos os servizos enumerados, anteriormente, destaca pola súa importancia e utilización o transporte público. Da análise dos datos do uso que se lle dá a sistemas de acceso similares, en funcionamento en noutras cidades, ao proposto en este informe, os denominados cartóns cidadáns, devandito servizo copa preto do 90% dos usos. Cosiderase pois vital para a posta en marcha do noso sistema de identificación dixital e acceso aos servizos municipais incluír nun primeiro prototipo ao transporte urbano no mesmo.

O terceiro actor importante na xestión do acceso a aqueles servizos que requiran un pago, como é o caso do transporte público, é unha entidade financeira. Dita entidade, mediante o achegue do seu coñecemento e tecnoloxía, axuda a garantir a seguridade e robusted do sistema de pago e aoprtá por unha banda unha rede de recarga a funcionalidade de mone-deiro electrónico e por outro a xestión dos fondos, exercendo labores propias como poden ser a de xestor da compensación de todos aqueles servizos que requieran o abono dunha cantidade para a súa goce.

A actual concesionaria do servizo de transporte público municipal, por acordo plenario de data 16 de Setembro de 1994 é a empresa Viguesa de Transportes, S.L., (VITRASA). Doutra banda en data 05/08/2016 a Xunta de Goberno Local adxudicou á entidade financeira Abanca Corporación Bancaria, S.A., (ABANCA) o contrato de colaboración integral en xestión de recadación (exp 16026-2016).

En atención ó exposto anteriormente, e para garantir unha mellor coordinación no desenvolvemento deste proxecto compre impulsar un convenio de colaboración, en materia de implantación de innovación tecnolóxica para a mellora de prestacións de servizos públicos para o impulso da “**chave dixital**” entre o Concello de Vigo e as ditas entidades, de acordo as obrigas recollidas no texto do convenio proposto, que se anexa a este expediente, de acordo co seguinte obxecto e prazo do contrato:

#### Obxecto do convenio.

O presente convenio ten por obxecto establecer e concretar o réxime de colaboración entre o Concello de Vigo, Abanca Corporación Bancaria, S.A. e Viguesa de Transportes, S.L. para o desenvolvemento dun proxecto de innovación tecnolóxica para a mellora dos procesos de xestión, prestación, utilización, información, comunicación e pago dos diferentes servizos públicos municipais, mediante a implantación dun novo dispositivo móbil multifuncional sen contacto que progresivamente permita o acceso, utilización e, no seu caso, o pago pola cidadanía de todos e cada un dos distintos servizos que a Administración municipal, directa ou indirectamente, presta.

#### Vixencia do convenio.

O convenio surtirá os seus efectos a partir da súa sinatura e a súa vixencia rematará, salvo acordo entre as partes ou resolución por calquera das causas previstas na cláusula sexta, unha vez rematado o proxecto e en todo caso o 1 de xuño de 2020 como data límite. A vixencia do presente convenio podería prorrogarse para desenvolver a continuidade do obxecto do convenio, e sempre condicionado a que VITRASA e ABANCA, manteñan as condicións concretas especificadas nos apartados 6 e 7 da parte expositiva deste convenio. A

proposta da prorroga deberá contar coa conformidade expresa das partes e deberá ser aprobada polo Concello de Vigo, tendo a mesma un límite máximo de catro anos.

Como se desprende desta proposta o obxecto deste Convenio centrase nunha colaboración entre o CONCELLO DE VIGO, ABANCA e VITRASA, relativas á transferencia tecnolóxica do coñecemento de cada unha das entidades, así como o asesoramento específico vinculado o desenvolvemento de proxectos propios de I-D+I, e por outra, na colaboración na financiación dunha primeira fase de implantación do novo dispositivo móbil multifuncional, por parte de ABANCA.

O artigo 4.1.d) do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público establece que, están excluídos do ámbito desta Lei os convenios de colaboración que con arranxo ás normas específicas que os regulan celebre a Administración con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, sempre que o seu obxecto non estea comprendido nos contratos regulados nesta lei ou en normas administrativas especiais. Pola súa parte o parágrafo segundo deste artigo determina que estes convenios se regularán polas súas normas especiais, aplicándose os principios da Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

O convenio de colaboración e un instrumento dos que, con carácter xeral e ó abeiro dos artigos 88.1 LRXPA, 111 TRRL e 4.1.d) e 25 TRLCSP —no que ás entidades locais especificamente se refire— poden celebrar as Administracións Públicas con persoas xurídico privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados, no presente caso vinculadas a maior parte das competencias incluídas no artigo 25.2. da LRBRL.

Baseándose nestas consideracións, o convenio de colaboración considerase o instrumento idóneo para formalizar a proposta do obxecto deste expediente, e para a o desenvolvemento do mesmo non resulta posible nin recomendable promover a concorrencia, pola especificidade e exclusividade manifesta en relación as peculiaridades concretas de cada una das entidades participantes no mesmo e xa manifestadas nos antecedentes do mesmo.

En relación á necesidade de especificar o obxecto e as prestacións do Convenio para cada unha das partes, e convinte destacar tamén que o presente convenio, non supón para o Concello de Vigo ningún gasto específico, e polo contrario, enténdese que o desenvolvemento deste convenio conlevará de forma directa unha mellora importante nos procesos vinculados coa xestión de competencias municipais, o cal redundará nunha maior eficiencia administrativa.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico e da Intervención Xeral, fórmase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

#### PROPOSTA:

Aprobar do convenio entre O CONCELLO DE VIGO, ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A., E VITRASA, PARA O DESENROLO DUN PROXECTO DE INNOVACIÓN TECNOLÓXICA NO PROCESO DE IMPLANTACIÓN DUN NOVO DISPOSITIVO MOBIL MULTIFUNCIONAL QUE MELLORE OS PROCESOS DE XESTIÓN PARA O USO DOS DIFERENTES SERVIZOS PUBLICOS MUNICIPAIS segundo o seguinte texto:

#### TEXTO CONVENIO:

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO, ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. E VIGUESA DE TRANSPORTES, S.L. PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE INNOVACIÓN TECNOLÓXICA DE MELLORA DOS PROCESOS DE XESTIÓN, PRESTACIÓN E UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS, MEDIANTE A IMPLANTACIÓN DUN NOVO DISPOSITIVO MÓBIL MULTIFUNCIONAL.*

*En Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2016*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, Don Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, na representación legal desta Administración municipal, que lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.*

*Doutra parte, Don \_\_\_\_, na súa condición de \_\_, actuando en nome e representación de Abanca Corporación Bancaria, S.A., en adiante (ABANCA), con domicilio en \_\_ e CIF núm.*

*E doutra, Don \_\_\_\_, na súa condición de \_\_, actuando en nome e representación de Vigesas de Transportes, S.L., en adiante (VITRASA), con domicilio en \_\_\_\_ e CIF núm.*

*Recoñécense mutuamente os comparecentes o interese e a capacidade e representación necesarios para a sinatura do presente convenio de colaboración, e a estes efectos*

*EXPOÑEN*

- *Que a mercantil VITRASA é a actual concesionaria da prestación do servizo público municipal de transporte colectivo urbano de viaxeiros, en autobús de uso xeral, no termo municipal de Vigo, en virtude do acordo do Pleno do Concello de Vigo, de data 16 de setembro de 1994, de adxudicación do contrato á dita mercantil e do contrato formalizado a tal fin o 8 de xuño de 1995, cuxa duración máxima é de trinta e cinco anos, a contar da data da formalización.*
- *Que a mercantil ABANCA, é a entidade financeira adxudicataria do contrato de servizos para a colaboración integral na recadación dos ingresos patrimoniais e de dereito público do Concello de Vigo e dos seus organismos autónomos e centraliza esta colaboración integral na dita recadación como entidade financeira xestora única do Concello de Vigo.*
- *Que, na actualidade, a mellora da calidade de vida da veciñanza nos núcleos urbanos oríentase cara o que se ten dado en chamar «cidades eficientes» ou «cidades intelixentes», tradución e adaptación do termo inglés «smart city», entendidas estas, en síntese, como aquelas cuxo desenvolvemento urbano baséase no obxectivo de proporcionar unha resposta integral, sostible e de calidade ás necesidades básicas da cidadanía, das empresas e das súas institucións.*

- *Que o decidido propósito do goberno municipal de orientar o desenvolvemento da cidade de acordo cos devanditos principios e de avanzar, de acordo, tamén, cos mesmos, na mellora da calidade de vida da veciñanza de Vigo, plasma tanto no proxecto «Vigo Smart City» do Concello de Vigo, onde se poñen en valor os numerosos proxectos «smart» da cidade —entre outros o “Plan de aforro e eficiencia enerxética”, “Life Green City”, “GreenPlay”, impulso de enerxías renovables (eólica e solar); proxectos de mobilidade intelixente; “Plan director de humanizacións”; “Plan de modernización de administración electrónica”; “Plataforma Vigo Cidade Intelixente”; aforro e xestión eficiente do auga ou o “Fomento do coche eléctrico”—, como na adhesión desta Administración local á asociación “Red Española de Ciudades Inteligentes” (RECI), solicitada polo Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 28 de setembro de 2015, e aprobada pola dita Asociación con data 1 de abril de 2016.*
- *Que é nota característica das chamadas «ciudades intelixentes» o valor que nelas adquiren as novas tecnoloxías da información e da comunicación; tecnoloxías nas que este desenvolvemento se apoia e cuxa importancia recollen os estatutos da “Red Española de Ciudades Inteligentes”, que sinalan, como fins da mesma, o fomento, o impulso, a difusión e a transferencia do uso, desenvolvemento e da investigación no ámbito das novas tecnoloxías orientadas a mellorar a calidade de vida da cidadanía e a ofrecer servizos públicos intelixentes máis eficientes.*
- *Que a mercantil VITRASA, na súa condición de concesionaria da xestión do servizo público do transporte urbano colectivo, ven de rematar o proceso de renovación do sistema de billeteaxe para o uso do transporte público municipal, a través da implantación dun novo dispositivo móbil multifuncional en soporte físico de tarxeta sen contacto “Mifare Desfire”, que, utilizando tecnoloxía intelixente, posibilita procesos de almacenamento de memoria cun alto grado de seguridade e multifuncionalidade (operacións de moedeiro electrónico e pago, control de acceso e identificación persoal e corporativa, entre outras), sistema que constitúe un medio idóneo para o acceso aos distintos servizos municipais e pago dos mesmos.*
- *Que a entidade financeira ABANCA, adxudicataria do contrato de servizos DE COLABORACIÓN INTEGRAL NA XESTIÓN RECADATORIA DO CONCELLO DE VIGO, MEDIANTE SISTEMAS DE COBRO: PRESENCIAL, AUTOSERVICIO E TELEMÁTICO E PRESTACIÓN DE SERVICIOS BANCARIOS DE PAGOS, conta na actualidade cunha experiencia moi importante nos procesos tecnolóxicos de aplicación aos dispositivos móbiles multifuncionais para a realización de operacións bancarias e ven de desenvolver unha importante renovación da súa infraestrutura de dispositivos automáticos na rede de oficinas do término municipal de Vigo, para dotalos da tecnoloxía de comunicación sen contacto, compatible coa tarxeta sen contacto “Mifare Desfire” e con outros dispositivos móbiles de comunicación sen contacto.*
- *Que o Concello de Vigo, en execución do seu proxecto “Vigo Smart City” e avanzando no proceso de fomentar e intensificar o uso das novas tecnoloxías por parte da cidadanía no acceso e utilización dos servizos públicos, propónse o desenvolvemento dun proxecto de innovación tecnolóxica para a mellora dos procesos de xestión, prestación, utilización e pago dos diferentes servizos públicos municipais, mediante a implantación dun novo dispositivo móbil multifuncional, que progresivamente permita o acceso, utilización e, no seu caso, o pago pola*

*ciudadanía de todos e cada un dos servizos que a Administración municipal, directa ou indirectamente, presta.*

- *Que, á vista de todo o exposto e do interese que para as entidades ABANCA e VITRASA presenta o desenvolvemento do proxecto municipal arriba referido, habida conta da vinculación contractual destas entidades coa administración municipal e da importante incidencia do proxecto na prestación dos seus respectivos servizos, as dúas mercantís ofrecen a súa colaboración ao Concello de Vigo para o desenvolvemento do repetido proxecto municipal; colaboración que acordan conforme aos seguintes*

## **PACTOS**

*Primeiro.- Obxecto do convenio.*

*O presente convenio ten por obxecto establecer e concretar o réxime de colaboración entre o Concello de Vigo, Abanca Corporación Bancaria, S.A. e Viguesa de Transportes, S.L. para o desenvolvemento dun proxecto de innovación tecnolóxica para a mellora dos procesos de xestión, prestación, utilización, información, comunicación e pago dos diferentes servizos públicos municipais, mediante a implantación dun novo dispositivo móbil multifuncional sen contacto que progresivamente permita o acceso, utilización e, no seu caso, o pago pola cidadanía de todos e cada un dos distintos servizos que a Administración municipal, directa ou indirectamente, presta.*

*A Característica fundamental do dispositivo móbil multifuncional sen contacto a que o convenio se refire, amais da súa vocación de universalidade para todos os servizos municipais, é a de que a utilización das súas distintas funcións en ningún caso implicará custe algún para o usuario que non sexa, no seu caso, o do servizo público utilizado e pagado; isto sen prexuízo de que a recarga da función de moedeiro electrónico do dispositivo —que sempre se poderá realizar utilizando efectivo— poida estar suxeita ao pago de comisións cando esta se realice a través de transaccións bancarias entre distintas entidades de crédito e así o dispoñan as estipulacións pactadas para ese tipo de transaccións.*

*Segundo.- Compromisos das partes asinantes do convenio.*

*— Compromisos do Concello de Vigo.-*

*— O desenvolvemento do proxecto de innovación tecnolóxica a que se refire este convenio será considerado polo Concello de Vigo como actuación prioritaria do servizo municipal de Administración Electrónica, o cal participará no proxecto con todos os seus medios persoais e técnicos e coordinará, de acordo coa comisión, que para o seguimento do convenio se constitúe, o desenvolvemento do mesmo.*

*— A Administración municipal desenvolverá unha actuación conxunta dos seus servizos —para os que esta actuación será considerada, tamén, como prioritaria— a fin de determinar as especificidades de cada un deles que requiran especial tratamento no proxecto para a utilización do dispositivo móbil multifuncional proxectado no servizo municipal de que se trate. Así mesmo avaliará as carencias, deficiencias e necesidades dos distintos servizos que poidan impedir ou dificultar*



*neles a utilización do mesmo, para proceder a súa subsanación e á progresiva implantación do dispositivo en todos os servizos municipais.*

- *O Concello de Vigo aprobará o instrumento ou instrumentos xurídicos que, de se lo caso, requira a implantación e uso do dispositivo móbil multifuncional proxectado.*

#### *Compromisos de Abanca Corporación Bancaria, S.A.*

- *ABANCA colaborará tecnicamente co desenvolvemento do proxecto a través do seu persoal especializado, que asesorará ao Concello de Vigo e a VITRASA en todas as fases do proxecto, e especialmente no que se refire a asegurar a compatibilidade do sistema loxístico financeiro da xestión de usuarios do transporte urbano colectivo de Vigo, coa do dispositivo móbil proxectado, cuxa tecnoloxía compartirá co Concello de Vigo.*
- *A fin de garantir a seguridade das operacións a realizar por medio do dispositivo móbil proxectado, ABANCA desenvolverá as actuacións e operativos específicos necesarios na súa rede de oficinas e caixeiros automáticos do termo municipal, para analizar as necesidades tecnolóxicas que poida demandar a implantación deste novo dispositivo multifuncional aos diversos servizos municipais.*
- *ABANCA, como adxudicataria do contrato de colaboración integral na xestión recadatoria do Concello de Vigo, e como entidade contratada por VITRASA para os servizos financeiros necesarios para o funcionamento do novo sistema de billetaxe para o uso do transporte público municipal, desenvolverá baixo a súa xestión unha “conta float”, aberta en ABANCA, que terá a condición de uso restrinxido, e será utilizada unicamente para garantir un control sobre os ingresos, e proceder os procesos de compensación que se produzan en relación os pagos realizados coa funcionalidade de moedeiro dixital deste novo dispositivo móbil multifuncional. Cada 30 días e de acordo co procedemento que se determine dentro dos procesos a desenvolver para a posta en marcha deste dispositivo, ABANCA transferira o saldo dos ingresos desta conta, as contas que se especifique en función dos servizos vinculados o novo dispositivo mobil multifuncional coas seguintes observacións:*
  - *Durante a fase do proxecto no cal VITRASA sexa o único servizo municipal vinculado a funcionalidade monedeiro, ABANCA transferirá o día 25 de cada mes, a totalidade do saldo xerado polas recargas realizadas entre o día 25 do mes anterior e o 24 do mes en curso, a unha conta de titularidade de VITRASA en ABANCA a cal estará suxeita as condicións propias da condición de titular da conta bancaria por parte de VITRASA, e de acordo o convenio asinado entre as partes para as xestións financeiras destes procesos.*
  - *Coa incorporación inicial de mais servizos municipais, o Concello de Vigo a través do sistema de xestión da tarxeta, emitira unha liquidación dos pagos realizados en outros servizos municipais distintos a VITRASA, e ABANCA procederá a transferir os importes correspondentes as contas de ABANCA que se identifiquen en cada caso por parte do CONCELLO DE VIGO, e o saldo restante será ingresado a VITRASA o día 25 de cada mes, polas recargas realizadas entre o día 25 do mes anterior e o 24 do mes en curso, salvo acordo en contrario de las partes. En caso de demora no aboamento, suxeitarase a unha penalización equivalente ao interese legal aplicable en cada momento sobre o*

*importe pendente de ingreso por día de demora sobre o comprometido. Así mesmo co obxectivo de regular a incorporación do maior número de servizos municipais a este dispositivo mobil, a comisión de seguimento deste convenio, deberá estudar os condicionantes derivados do número e volume de operacións, propoñendo as partes, os procedementos necesarios para a consolidación e implantación do dispositivo, así como os custes das operacións financeiras que se deriven.*

- ABANCA poñerá a disposición do proxecto a súa rede de caixeiros da área de Vigo, nos cales atopamos mais de 50 unidades dotadas da tecnoloxía de comunicación sen contacto compatible coa tarxeta sen contacto “Mifare Desfare”, e desenvolverá as actualizacións tecnolóxicas que posibiliten a funcionalidade deste novo dispositivo móbil multifuncional de maneira progresiva en función dos procesos de implantación acordados polas partes.*
- Colaborará tamén ABANCA na financiación do proxecto, destinando ao mesmo unha cantidade de cento vinte un mil euros (121.000,00 € iva engadido), para o desenvolvemento das actuacións necesarias do obxecto deste convenio e de forma específica para implantar os procedementos, así como calquera soporte físico necesario -tarxeta sen contacto “Mifare Desfire” ou calquera outro dispositivo móbil de comunicación sen contacto-.*

#### *Compromisos Viguesa de Transportes, S.L.*

- VITRASA compartirá coa Administración municipal, a través do seu persoal propio, a súa experiencia, a información técnica e a tecnoloxía específica do seu sistema de xestión de usuarios do transporte urbano colectivo en Vigo.*
- Colaborará co Concello de Vigo e con ABANCA, a través do seu persoal técnico, no deseño da compatibilidade do novo dispositivo móbil multifuncional co sistema de xestión de usuarios do transporte urbano colectivo en Vigo.*
- En relación a funcionalidade deste novo dispositivo mobil multifuncional, VITRASA asumirá as necesidades técnicas, así como os custes derivadas dos procesos obrigatorios das operacións financeiras derivadas dos saldos referentes os importes transferidos por ABANCA a súa conta, para o cal establecerá con ABANCA os acordos necesarios para operatividade deste novo dispositivo mobil multifuncional.*
- En relación ao proceso de estudo para a implantación deste novo dispositivo a todos os servizos municipais, desenvolverá conxuntamente co Concello de Vigo e ABANCA, as probas piloto necesarias, e de selo caso, realizará no seu sistema de xestión de usuarios os axustes necesarios para a asegurar a compatibilidade do mesmo co que se deseñe para o dispositivo móbil multifuncional proxectado.*
- Executará as actuacións necesarias para implantar a utilización do novo dispositivo móbil multifuncional no uso do servizo público municipal de transporte colectivo urbano de viaxeiros, executando os procesos necesario de acordo coas propostas aprobadas no ámbito do convenio, e coa aplicación da aportación económica de ABANCA.*

*Terceiro.- Titularidade da xestión do dispositivo móbil multifuncional dos servizos municipais.*

*En todo caso, o desenvolvemento deste convenio conlevará a determinación dun proxecto de xestión integrado por elementos tecnolóxicos que serán coordinados polas tres entidades participes. Así mesmo, a xestión global da posta en marcha deste novo dispositivo mobil multifuncional coa súa aplicación a diversos servizos municipais, será desenvolvida, baixo un software de back office de titularidade municipal o cal que deberá coordinar todas as tarefas de xestión dos saldos, rexistros das recargas, consumos derivadas de cada un dos servizos. Inicialmente serán utilizados os aplicativos para a xestión da solicitude do novo dispositivo que actualmente dispoñe VITRASA.*

*Así mesmo o Concello de Vigo será o titular do soporte físico do sistema que regule o funcionamento do dispositivo mobil (tarxeta sen contacto "Mifare Desfire", o calquera outro) así como dos módulos de seguridade (SAM) de ditos dispositivos.*

*O desenvolvemento da implantación deste software, deberá garantir todas as obrigas administrativas e contractuais que o Concello de Vigo teña cos diversos xestores dos servizos municipais.*

*Cuarto.- Publicidade.*

*En toda a documentación, na identificación física o virtual do dispositivo móbil multifuncional e informacións, comunicacións públicas, actos e publicidade, relativas ás actuacións a que se refire o presente convenio se incluírá a imaxe corporativa que, a este fin, faciliten as entidades asinantes do mesmo, aparecendo as imaxes corporativas dos tres asinantes en igual medida e disposición, sen prevalecer a visibilidades de ningunha das imaxes sobre as outras, e co obxectivo de potenciar a difusión e visibilidade das actuacións obxecto deste convenio as partes colaboran cos difusión a través dos seus propios medios.*

*Quinto.- Comisión de seguimento.*

*Se constituirá unha comisión paritaria de seguimento, que estará formada por dous representantes de cada unha das entidades asinantes do convenio.*

*A presidencia da Comisión corresponderá ao Concello de Vigo e será exercida polo representante que a Administración municipal designe.*

*A Comisión reunirse cando se solicite por algunha das partes e os seus membros poderán ser substituídos por outros suplentes. Así mesmo os membros da Comisión poderán ser asistidos polos técnicos que se xulguen convenientes, de acordo co tema a tratar.*

*No non previsto de forma expresa no convenio para a Comisión de Seguimento, serán de aplicación as normas reguladoras dos órganos colexiados, contidas na Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.*

*Corresponderá a la Comisión de Seguimento:*

*–A coordinación das entidades asinantes na execución e financiación do proxecto e o impulso do mesmo dentro do ámbito das competencias propias de cada entidade.*

*–A resolución das dúbidas que se presenten na interpretación do convenio*

*–A comunicación e traslado do proxecto elaborado á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo para a súa conformidade ou reparo, así como a cada unha das demais entidades asinantes do convenio.*

*Sexto.- Extinción e resolución do convenio.*

- O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por concorrer causa de resolución.*
- Son causas de resolución do convenio:*
  - 1. O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.*
  - 2. O acordo unánime dos asinantes.*
  - 3. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.*

*Sétimo.- Natureza e vixencia do convenio.*

*Este convenio ten natureza administrativa e rexerese polos súas cláusulas, e, supletoriamente, polas demais normas de dereito administrativo de aplicación, sinaladamente o TRLCSP, de acordo co disposto no seu artigo 4.2, e, en último termo, das normas de dereito privado.*

*Será competente para entender dos litixios que se poidan suscitar na súa execución e interpretación a Xurisdición Contencioso–Administrativa.*

*O convenio surtirá os seus efectos a partir da súa sinatura e a súa vixencia rematará, salvo acordo entre as partes ou resolución por calquera das causas previstas na cláusula sexta, unha vez rematado o proxecto e en todo caso o 1 de xuño de 2020 como data límite. A vixencia do presente convenio podería prorrogarse para desenvolver a continuidade do obxecto do convenio, e sempre condicionado a que VITRASA e ABANCA, manteñan as condicións concretas especificadas nos apartados 6 e 7 da parte expositiva deste convenio. A proposta da prorroga deberá contar coa conformidade expresa das partes e deberá ser aprobada polo Concello de Vigo, tendo a mesma un límite máximo de catro anos.*

*E, en proba da súa conformidade e para o fiel cumprimento do acordado, asinan todas as partes o presente documento por triplicado exemplar, no lugar e data indicados ao inicio.*

### **Acordo**

**A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.**

**3(795).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA RUTA MARÍTIMA DO APÓSTOLO SANTIAGO A GALICIA QUE HABERÁ DE REXER A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DESTA PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE “RUTA MARÍTIMA O CABALEIRO DAS CUNCHAS” NO ANO 2017. EXPTE. 15075/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico o 10/07/17, e o informe de fiscalización do 26/07/17, dáse conta do informe-proposta de data 23/06/17, asinado pola xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e o concelleiro delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.- I.-** En data 25/05/2017, Javier Grande Pérez, presenta solicitude de axuda do Concello de Vigo á Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia, acompañando a documentación preceptiva para acreditar a condición de beneficiaria dunha subvención directa pola citada Asociación, segundo artigo 13 da Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A dito escrito a asociación solicitante achega a documentación que segue:

- Memoria da actividade a desenvolver
- Orzamento de gasto e de ingresos.
- Certificacións de carecer de débedas có Concello de Vigo, Facenda pública, Seguridade Social e Facenda da Xunta.
- Declaración responsable de non contar con outro tipo de axuda.
- Copia dos estatutos da Asociación e inscricións administrativas
- Copia do DNI do presidente e representante legal da Asociación
- CIF sociedade.
- Certificación bancaria.
- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición prevista na Ley de Subvencións de Galicia para ser beneficiaria da subvención solicitada nin en causa de procedencia de reintegro.

**II.-** En data 14/06/2017, o Concelleiro delegado de Xestión municipal ordena iniciar expediente para a tramitación dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia para a execución da ruta marítima Cabaleiro das Cunchas no ano 2017.

**III.-** O vixente orzamento xeral municipal inclúe, na aplicación orzamentaria 9120.4890004, crédito para conceder directamente, segundo procedemento establecido nos artigos 26 LSG e 67 Regulamento da lei xeral de subvencións, unha subvención por razón sociais e de interese público, tal é en concreto a *recuperación, promoción, defensa e difusión da “traslatio”, isto é, a ruta marítimo xacobeana pola que viaxa o corpo decapitado do apóstolo Santiago a Galicia, así como axudara e colaborar no desenvolvemento da tradición xacobeana no ámbito marítimo dende Haifa ata Santiago de Compostela.*

Segundo.- Proxecto “Ruta marítima O Cabaleiro das Cunchas”

**I.-** A Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia, é unha Asociación con personalidade xurídica e capacidade de obrar creada en data 22.03.2010,

que se rixe pola Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación e os seus propios Estatutos e demais normas aplicables, sen ánimo de lucro.

Xunto coa solicitude da Asociación, a Xefa de Patrimonio Histórico, con encomenda provisional de funcións do posto de Xefe Dpto. Admvo. Alcaldía, Acordo Xunta de Goberno Local 02.03.2017, e co conforme do Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, Recursos Humanos Administración electrónica e Patrimonio redacta **“MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA RUTA MARÍTIMA DO APÓSTOLO SANTIAGO A GALICIA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “Ruta marítima O Cabaleiro das Cunchas”**, xuntando borrador de convenio, cuxo obxecto é articular o réxime de colaboración entre o Concello e a Asociación, para a financiación do proxecto cultural e social “Ruta marítima O Cabaleiro das Cunchas”, a través dunha subvención directa. Na citada Memoria descríbese o proxecto a desenvolver pola Asociación para o que se solicita unha subvención de 8.000 euros

Con estes antecedentes, o servizo técnico da Alcaldía procede á redacción do convenio reitor da subvención, cuxa aprobación se propón.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### 1.- Lexislación aplicable

- Normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, constituída polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público e RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos
- Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia
- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- RDL 781/1996, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións
- RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- D 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia
- Bases de execución orzamento Concello de Vigo 2017
- ETT da Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia

### 2.- A actividade de fomento

A concesión da axuda económica solicitada desta Administración municipal pola Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia para o desenvolvemento da súa

actividade de interese público, cultural e social, enmárcase dentro da denominada actividade administrativa de fomento que as Administracións públicas poden promover mediante a concesión de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementen ou suplan os atribuídos ao Ente público; acción de fomento á que expresamente se refire o artigo 294 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, en relación coas Corporacións Locais, dispoñendo que: “1. A actividade de fomento se exercerá de conformidade cos principios de publicidade, obxectividade, libre concorrència e igualdade e con adecuación á legalidade orzamentaria”; “2. As Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico ou doutra natureza as entidades, organismos ou particulares, nos casos en que os servizos ou actividades dos mesmos complementen o substitúan aos atribuídos á competencia local. 3. As Corporacións Locais comprobarán a aplicación efectiva dos medios de fomento á finalidade prevista”.

### 3.- Natureza da subvención

Dentro desta acción de fomento, a axuda económica solicitada responde á categoría técnica de subvención, definida nos artigos 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, en tanto que a mesma se concreta nunha achega económica sen contraprestación directa da beneficiaria, que se suxeita á realización dun proxecto, xa realizado ou por desenvolver, cuxa execución ten de fomentar unha actividade de interese social.

Este carácter está xustificado na Memoria elaborada por esta Xefatura en base ás conclusións reflectidas no informe da Xefatura de Turismo de data 14/06/2017 que considera “que o proxecto é de interese turístico para a cidade de Vigo”.

### 4.- Competencia municipal

O artigo 25. 2. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local atribúe ás Administracións municipais competencia materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e na letra “m” a promoción da cultura. Asemade a Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 80.2.n, regula como unha competencia local, a xestión de actividades culturais e a ocupación do tempo libre e o turismo.

A competencia municipal xustifícase en que o art 25 LRBRL, remite a unha lei específica para determinar a competencia municipal propia, garantindo, segundo punto quinto do citado artigo, que non hai unha atribución simultánea da mesma competencia a outra administración pública. A Disposición adicional primeira Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, dispón que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da citada Lei, (tal é o caso, en canto o artigo 80.2 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia, atribúe ós Concellos como competencia propia na letra “n”, a xestión de actividades culturais e a ocupación do tempo libre e o turismo), continuarán exerciéndooas elas, rexíndose pola indicada lexislación.

### 5.- Procedemento de concesión directa

A posibilidade da concesión directa a subvención a Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia, está prevista expresamente nos artigos 22.2. letra “c” da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 letra “c” da Lei 9/2007, de 13 de

xuño, de subvencións de Galicia, e 40 do Regulamento da Lei galega de subvencións, con carácter excepcional, dado o interese público municipal, social, cultural e histórico da actividade que dificulta a súa convocatoria pública:

A tramitación da subvención polo procedemento excepcional de concesión directa fundaméntase, ademais da súa singularidade: “*subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social...que dificulten a súa convocatoria pública*”. Xustificado queda no informe da xefatura de turismo o interese público municipal do proxecto. O interese social radica en que o desenvolvemento dun produto de turismo, constituí unha boa ferramenta para coñecer a orixe e evolucionar da cidade e un factor de desenvolvemento para o territorio e a propia poboación local, contribuíndo a xenerar ingreso para esta e as súas iniciativas empresariais. A dificultade da súa convocatoria pública radica no feito de especialidade do produto turístico e as súas connotacións sociais.

Dunha parte a Asociación tentar recuperar a ruta marítima Xacobeas dende o ano 1988, como unha especificidade do renacemento xacobeo actual acaecido en España dende finais da década de 1980 que ten traído un aumento espectacular na cantidade de peregrinos, casi equiparable ós mellores tempos medievais do século XII.

Doutra parte esta iniciativa, combina o elemento turístico coa historia dos camiños xacobeos e as lendas e tradicións galegas en canto ó traslado do corpo decapitado do apóstolo, tratando de reproducir as distintas embarcacións a ruta seguida dende a Haifa a Santiago de Compostela. Estas dúas características dotan ó proxecto dunha singularidade que dificulta a súa convocatoria pública.

## 6.- Convenio regulador

De acordo co disposto nos artigos 40.1 do Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións directas por razóns de interese público, social.

En canto ó seu *contido*, axústase á lexislación de subvencións, artigos 65.3 LXS, 26.2 LSG e 40 RLSG, e Base 38.4 das de execución dos vixentes Orzamentos do Concello. As súas determinacións estímanse conformes ao interese público que a subvención persigue e ao Ordenamento Xurídico e suficientes ao fin pretendido:

- Definición do obxecto da subvención, execución do proxecto cultural “*Ruta marítima O Cabaleiro das Cunchas*”, con indicación do seu carácter singular e as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario ou aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública, segundo informe da técnica de Turismo e Memoria do convenio
- Beneficiario e modalidade de axuda, Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia, a través dunha achega económica
- Crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e a contía da subvención
- Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade
- Prazos e modos de pago da subvención
- Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos



- Obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión
- Obriga do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requerida pola Intervención, polo Tribunal de Contas e polo el Consello de Contas no exercizo de súa funcións de fiscalización e control do destino das subvenciones

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art 40.2 RLSG. Trataríase de crear un produto de turismo cultural cuxa finalidade é abrir e reproducir a ruta seguida polo corpo do apóstolo Santiago a Galicia, sendo un elemento turístico nado das lendas e tradicións galegas e comenzo da cultura xacobeá.

Trataríase dunha ruta náutica, aberta e estable, para peregrinos afeccionados a navegar e para recreo e disfrute de navegantes.

#### 7.- Publicidade

Darase ao presente acordo a publicidade exisida polo art. 8.1.c) da Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións información detallada da subvención (obxecto ou finalidade da mesma, identificación dos beneficiarios, importe das subvención, resolución no seu caso de reintegro e sancións no seu caso impostas)

#### 8.- Competencia

Consta no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: **orde de inicio, memoria do convenio e texto do mesmo.**

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá formularse proposta de aprobación e emitir informe a Asesoría xurídica e Intervención Xeral do Concello sobre as operacións orzamentarias ou contables que proceda executar .

De conformidade cos artigos 10.4 LXS, e 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación da concesión da subvención e do convenio, con carácter previo, á aprobación do gasto (artigo 31 LSG)

Por todo o exposto, fórmase á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte

#### PROSPOSTA

1. Autorizar o gasto por importe de 8.000 euros, a favor da Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia, con cargo á aplicación orzamentaria aplicación orzamentaria 912.0.489.00.04, "outras subvencións", en concepto de subvención para desenvolver o proxecto turístico "Ruta marítima O Cabaleiro das Cunchas" no ano 2017. A entrega da subvención a Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia, realizarase segundo procedemento e prazos previstos no convenio regulador, debendo no seu tempo presentar as memorias xustificativas e de avaliación das accións correspondentes á actividade realizada no ano 2017, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados, que deberá ter lugar antes do día 10 de decembro de 2017.

2. Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia, que rexerá a subvención directa segundo vixentes orzamentos do Concello de Vigo para coadxuvar á execución do proxecto cultural “Ruta marítima O Cabaleiro das Cunchas” a desenvolver no ano 2017; texto que se incorpora como anexo á presente proposta de acordo.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### ANEXO

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA RUTA MARÍTIMA DO APÓSTOLO SANTIAGO A GALICIA QUE HABERÁ DE REXIR A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DESTA PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE “RUTA MARÍTIMA O CABALEIRO DAS CUNCHAS” NO ANO 2017.

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezasete.

### REUNIDOS

Dunha parte, o **Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez**, designado na sesión do Pleno da Corporación do día 13 de xuño de 2015, e que actúa en representación do Concello de acordo aos artigos 124.4 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local 7/85 (en diante LRBRL) e o artigo 61.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en diante LALGA).

Doutra parte D. Javier Grande Pérez, Presidente e representante legal da **Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia** CIF núm.G 27742485 e enderezo no número 1 da rúa San Miguel da cidade de Vigo.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para subscribir o outorgamento do presente convenio e

### EXPOÑEN

I.- Que a **Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia** é unha Asociación sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica e capacidade de obrar, que se rixe pola Lei Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación e os seus propios Estatutos e demais normas aplicables.

A Asociación está inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, co núm. 2010/014305-1, no Rexistro municipal de Asociacións con núm. 1133-11 e no Rexistro de entidades de promoción do Camiño de Santiago co núm. 192.

Os seus fins teñen un carácter cultural e social sendo o seu propósito a recuperación, promoción, defensa e difusión da “traslatio”, isto é, a ruta marítimo xacobeá pola que viaxa o corpo do apóstolo Santiago a Galicia, así como axudar e colaborar no desenvolvemento da tradición xacobeá no ámbito marítimo dende Haifa ata Santiago de Compostela.

Entre as actividades para o desenvolvemento destes fins inclúese na súa norma

fundacional:

- tódas aquelas que que redunden en beneficio da Tradición xacobeá en xeral, e da traslatio, en particular, todos aqueles que estén relacionados coa tradición e historia da Traslato e do Camiño de peregrinación a Santiago de Compostela.

**II.-** Que a **Alcaldía de Vigo**, coñecedora desas actividades e accións e no exercizo da súa competencia propia que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local atribúe ás Administracións municipais en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e a promoción da cultura, no seu art 27.2 letras “h” e “m”, desexa promover e colaborar economicamente na execución do proxecto “**Ruta marítima o Cabaleiro das Cunchas**”, produto de turismo cultural cuxa finalidade é *a recuperación e difusión da ruta marítima xacobeá pola que viaxa o corpo decapitado do apóstolo Santiago a Galicia, así como axudar e colaborar no desenvolvemento da tradición xacobeá no ámbito marítimo dende Haifa ata Santiago de Compostela.*

**III.-** O vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 912.0.489.00.04, Outras subvencións”, crédito para conceder directamente, segundo procedemento establecido no artigo 67 Regulamento da Lei xeral de subvencións, unha subvención por razón sociais e de interese público, como é en concreto *divulgar na sociedade a ruta marítima xacobeá.*

O Concello de Vigo considera que o proxecto “**Ruta marítima o Cabaleiro das Cunchas**” ten un interese público, cultural e social en tanto combina o elemento turístico coa historia dos camiños xacobeos e as lendas e tradicións galegas

O Concello de Vigo entende que o desenvolvemento dun produto de turismo, constituíu unha boa ferramenta para coñecer a orixe e evolucionar da cidade e un factor de desenvolvemento para o territorio e a propia poboación local, contribuíndo a xenerar ingreso para esta e as súas iniciativas empresariais.

**IV.-** Que **Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia** non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei xeral de subvencións e específica de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo tramitado a estes efectos.

**V.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións directas, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención con arranxo aos seguintes

#### PACTOS

Primeiro.- A **Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia** comprométese a

1º.- Realizar e xustificar a realización do proxecto cultural e social de turismo "**Ruta marítima o Cabaleiro das Cunchas**" para o ano 2017, que figura na documentación do expediente administrativo núm. 15075/101, sen prexuízo de que se poidan producir modificacións nas actividades ou accións previstas pola Fundación no citado proxecto, pero aínda non contratados, que poderán ser substituídos por outros válidos para desenvolver o citado proxecto.

2º.- Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Vigo, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio destas funcións.

3º.- Adoptar as medidas de difusión previstas no sexto pacto.

Segundo.- **O CONCELLO DE VIGO**, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar con **Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia** na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización do proxecto de turismo industrial "**Ruta marítima o Cabaleiro das Cunchas**" na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe institucional nos ámbitos de promoción da Fundación para a Pesca e o Marisqueo (revista, folletos, web, redes sociais, etc).

3º.- Conceder á **Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia** unha subvención por importe de 8.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.489.00.04, "Outras subvencións " mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación da actividade social "Ruta marítima o Cabaleiro das Cunchas" a executar no ano 2017.

O aboamento da subvención á **Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia** realizarase contra a presentación da memoria xustificativa e de avaliación do programa realizado no ano 2017, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados, antes do día 10 de decembro de 2017, con desglose de cada un dos gastos incurridos.

4º.- Comunicar á Base de Datos Nacional de Subvencións información detallada da subvención (obxecto ou finalidade da mesma, identificación dos beneficiarios, importe das subvención, resolución no seu caso de reintegro e sancións no seu caso impostas), sistema nacional de publicidade das subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sen prexuízo da súa publicación segubdo diposto no artigo 8 da citada Lei.

Terceiro.- Esta subvención non será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades da beneficiaria, debendo aparecer nestas co seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador de todas as actividades realizadas por esta Asociación ano 2017.

**A Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia** achegará probas deste material para conformidade do Concello de Vigo e o do seu logotipo.

Sétimo.- A beneficiaria, antes do día 10 de decembro de 2017, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais ( que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE) pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 8.000 euros. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo, neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos relacionados directamente ó obxecto do presente convenio.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención.

A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2017.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministración ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Alcaldía, que emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Alcaldía e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 LXS e 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- Os datos persoais da solicitante e o do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, obxecto deste convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e

comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación, en orden á conclusión do proceso subvencional, por lo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas, e na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Real Decreto 1720/2007, de desenvolvemento da LOPD, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo, como administración concedente da subvención.

En todo caso, o Concello de Vigo non aplicará ou utilizará con outra finalidade os datos, nin tampouco os comunicará en ningún caso a outras persoas ou entidades, salvo excepcións legais o por mandato do titular da información.

O Concello de Vigo comprométese a cumprir e facer cumprir o deber de secreto profesional y de confidencialidade que abarcará calquera información ou dato que puidese coñecer, con ocasión da xestión desta subvención, en especial aos de carácter persoal, de acordo co establecido no artigo 10 de la Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal.

A beneficiaria e, no seu caso, os seus representantes, poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo, nos términos previstos na citada Lei 15/1999.

Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017.

#### **4(796).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DIRECTA A UNICEF PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “ACCESO Á EDUCACIÓN EN SIRIA: APRENDER NO MEDIO DA DESTRUCCIÓN”. EXPTE. 143342/301.**

Visto o informe de fiscalización do 26/07/17, dáse conta do informe-proposta de data 19/07/17, asinado pola xefa de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á xefatura de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

##### **I. ANTECEDENTES**

I.1. O 30.06.2017 remitiuse pola responsable de “Dirección e apoio institucional” da Alcaldía á Xefatura de Área de Benestar social escrito acompañado da Memoria xustificativa do pro-

xecto de UNICEF: “ACCESO Á EDUCACIÓN EN SIRIA: APRENDER NO MEDIO DA DESTRUCCIÓN”, de data maio de 2017.

I.2. En data 14.07.2017 (Código solicitude W237855-3828; Doc. nº 170102087) a Fundación UNICEF – Comité Español (C.A. de Galicia) presentou no Rexistro electrónico do Concello de Vigo unha solicitude de subvención para o desenvolvemento dese proxecto humanitario en Siria, consistente na distribución de materiais básicos de aprendizaxe nas zonas afectadas polo conflito neste país, incluíndo as zonas de difícil acceso ou sitiadas, como Aleppo ou Homs.

Achegouse tamén a documentación administrativa necesaria para a concesión da subvención: datos identificativos da entidade, Memoria xustificativa, certificacións administrativas de cumprimento das obrigas tributarias e coa SS.SS., estatutos sociais, acreditación da representación, CIF, certificación bancaria actualizada, declaración de non estar inhabilitada nin incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións públicas, etc.

I.3. Mediante Resolución do 18.07.2017, a Concelleira delegada da Área de Política Social ordenou a incoación de expediente administrativo para a tramitación e resolución de subvención a favor de UNICEF para a execución dese proxecto.

## II. NORMATIVA RELACIONADA

- Declaración Universal de Dereitos humanos, 10 de decembro de 1948.
- Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos, 19 de decembro de 1966.
- PIDESC (Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, 19 de decembro de 1966).
- Convención internacional sobre os dereitos do neno, adoptada pola Asemblea Xeral da ONU o 20 novembro de 1989.
- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento.
- L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado.
- L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento.
- D.29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).



- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- RD.749/2010, do 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional que se concedan pola Admón. do Estado.
- TRLRFL (RDLex. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- Orde do «Ministerio de Economía y Hacienda» EHA/875/2007, do 29 de marzo, pola que se determina o contido e especificacións técnicas da información a subministrar á Base de Datos Nacional de Subvencións regulada no RD.887/2006.
- Resolucións da IGAE do 04.12.2015 (proceso de migración á nova BDNS), 07.12.2015 (registro e acreditación de órganos e usuarios da nova BDNS), 09.12.2015 (contido e periodicidade da información a subministrar) e 10.12.2015 (proceso de registro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións); BOE nº 299, do 15.12.2015, ditadas ó abeiro do Art. 20.10 da LXS.
- Orde da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, do 16.07.2009, reguladora do sistema, formatos e especificacións dos medios establecidos para a obtención de datos polo módulo Subvencións, para a formación dos rexistros de axudas, subvencións, convenios e de sancións, e para a remisión de información á BDNS.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.
- Nota informativa do 16.03.2016 da Intervención xeral municipal sobre a BDNS.

### III. INFORME

III.1. A Convención Internacional sobre os dereitos do neno, ratificada por España en 1990, consagra, entre outros, o dereito dos nenos e nenas a recibir unha educación orientada a desenvolver a súa personalidade e capacidades, ó descanso e o lecer, ó xogo e ás actividades recreativas propias da súa idade e tamén o deber dos Estados de adoptar todas as medidas posibles para asegurar a protección e o coidado dos/as nenos/as afectados/as por un conflito armado (Arts. 28-31, 38 e ccdtes.).

III.2. UNICEF, Axencia da ONU para a infancia, fundada en 1946, é a organización líder mundial neste ámbito e conta con presenza activa en máis de 190 países. Na actualidade, a Oficina de UNICEF en Siria traballa para protexer os dereitos dos nenos/as afectados/as polo conflito e as súas familias, procurando garantir a súa supervivencia e o acceso á educación como parte dun proceso de normalización e tamén de protección inmediata contra as explotacións e os abusos, enmarcado nunha iniciativa global ("*back to learning*" - volta á escola) centrada en garantir a protección e a educación para evitar unha xeneración perdida, aumentando a taxa de matriculación.

III.3. Estímase que 1,75 millóns de nenos/as e mozos/as en Siria non asisten á escola por razóns evidentes de inseguridade (ataques ás escolas), falta de espazos de aprendizaxe seguros e protectores e tamén de libros de texto, materiais educativos, etc. Unha das compoñentes necesarias para implementar esa iniciativa de “volta á escola” é, precisamente, xunto coa rehabilitación de aulas e escolas, a distribución de materiais básicos de aprendizaxe entre os/as nenos/as, tendo en conta que a maioría das familias carecen de medios económicos para adquirilos (3 de cada 4 sirios/as viven por debaixo do limiar da pobreza) e que máis de 7.000 escolas terían sido destruídas, danadas ou utilizadas como refuxios.

III.4. Os beneficiarios directos do proxecto “ACCESO Á EDUCACIÓN EN SIRIA: APRENDER NO MEDIO DA DESTRUCCIÓN” serían uns 5.500 nenos e nenas sirios/as, ós/ás que se pretende garantir o seu dereito a unha educación adecuada, cun enfoque de equidade, priorizando ós grupos máis vulnerables a través dun entorno adaptado ó contexto para renudar ou continuar a súa educación.

III.5. As actividades incluídas no proxecto de UNICEF desagregáanse do seguinte xeito:

- Actividade 1.1. Distribución de subministros básicos de educación primaria para 1.200 nenos/as (30 “mochilas escolares” e 30 “escolas nunha maleta”).
- Actividade 1.2. Distribución de subministros básicos de lecer e recreación para 1.800 nenos/as (30 “kits de lecer e recreación”).
- Actividade 1.3. Distribución de subministros básicos de educación para a primeira infancia, ata os 5 anos (20 “kits de educación para a primeira infancia”).

III.6. O orzamento estimado por UNICEF para levar a cabo este proxecto humanitario é de 20.000€ (VINTE MIL EUROS); importe da subvención que se solicita ó Concello de Vigo.

III.7. Os orzamentos do Concello de Vigo non prevén a referida subvención con carácter nominativo. Con todo, a posibilidade da súa concesión directa, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras que dificulten a súa convocatoria pública está expresamente prevista nos Arts. 22.2.c) da LXS, 19.4.c) da LSG e 67 do RD.887/2006 e, no mesmo sentido, na Base nº 38, Apdo. 4.2, das de execución dos orzamentos municipais.

Ademais, a Disposición adicional 2ª da LSG, posta en relación co seu Art. 19.4, posibilita tamén a concesión directa das subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento reguladas na L.3/2003, do 19 de xuño, que inclúe entre os obxectivos desa cooperación a atención ás situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas que precisen da cooperación externa, tanto mediante axuda humanitaria como mediante accións dirixidas á reconstrucción e ó restablecemento institucional.

III.8. No presente caso xustificáranse tanto a excepción dos principios xerais de publicidade e concorrência que deben rexer esta materia como o interese público, social e humanitario do proxecto presentado por UNICEF (motivacións necesarias para utilizar o procedemento de concesión directa ex artigo 19.4 LSG), sendo posible financiar o gasto que representa con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“Axuda o tercer mundo”).

A concesión desta subvención estará suxeita, especificamente, ás condicións e compromisos establecidos na propia Resolución de concesión (Art. 26 LSG, Art. 28 LXS, Art. 67

RD.887/2006 e Base 38 das de execución dos orzamentos xerais): obxecto, beneficiarios, crédito orzamentario, compatibilidade/incompatibilidade con outras subvencións, pagamento e xustificación, etc.

III.9. As competencias municipais en materia de cooperación internacional descentralizada atopan fundamento tanto na lexislación de réxime local (Arts. 2 e 25 LRBRL, 80.1 LALGA...) como, especificamente, na lexislación sectorial estatal e autonómica. Así:

- A L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento, habilita expresamente para que desde as entidades locais se leven a cabo accións e programas incluíbles no concepto de “*cooperación para o desenvolvemento*”, expresión solidaria da sociedade local que, en todo caso, basearase nos principios de autonomía orzamentaria e autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución (no marco da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento) e no de colaboración entre Admóns. Públicas, tocante ó acceso e participación da información e máximo aproveitamento dos recursos públicos. A lei inclúe entre os obxectivos da política de cooperación internacional a prevención e atención das situacións de emerxencia mediante a prestación de accións de axuda humanitaria (Arts. 3 e 20).
- A L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento, recoñece tamén esa mesma capacidade municipal para intervir en materia de cooperación internacional, considerando ás entidades locais como “*axentes da cooperación internacional para o desenvolvemento*” (Art. 23.1.a)].
- Finalmente, a L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, reafirma que as entidades locais poden actuar no eido da cooperación internacional para o desenvolvemento e expresa que a Acción exterior neste sector orientarase a contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, mediante a consolidación dos procesos democráticos e o Estado de Dereito, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crisis humanitarias.

A seguir, enumera entre os suxeitos da Acción Exterior do Estado ás Admóns. Públicas (entre as que, loxicamente, inclúese a Admón. local) e prescribe o deber dos órganos constitucionais, as CCAA, as Cidades Autónomas, «*as entidades que integran a Administración Local*» e os organismos, entidades e institucións delas dependentes de manter informado ó Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das súas propostas sobre actuacións con proxección exterior, para que este departamento poida informar e, de ser o caso, emitir recomendacións motivadas sobre a adecuación da proposta de actuación ás directrices, fins e obxectivos da Política Exterior fixados polo Goberno e os instrumentos de planificación establecidos por esta lei (Arts. 5, 11 e ccdtes.).

Esta atribución competencial realizada pola lexislación sectorial en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento ten fundamento mediato na propia CE/1978 (Preámbulo, Título Preliminar, Arts. 9.2, 10, 137...) e resulta congruente co contido do Art. 10.3 da Carta Europea de Autonomía local, ratificada por España, que establece que as entidades locais poderán, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas entidades doutros Estados.

Outra cousa é o alcance do exercicio desta competencia, que estará necesariamente supeditado ás directrices da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento e delimitado pola aplicación dos principios de colaboración, autonomía orzamentaria, autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución e cumprimento da lexislación en materia de estabilidade e sostibilidade orzamentaria.

III.10. No proxecto presentado ó Concello de Vigo por UNICEF xustifícase expresamente a súa coherencia, tanto coas políticas de acción humanitaria da “*Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo*” (AECID), dependente do *Ministerio de Asuntos Exteriores y Cooperación* («Estrategia de contexto 2016 – 2017 Siria e Irak») como coas políticas de acción humanitaria da cooperación galega («III Plan Director da Cooperación Galega 2014 – 2017»).

Así, na Memoria indícase que:

*«En el caso concreto de Siria, este es actualmente uno de los países prioritarios de la Oficina de Acción Humanitaria de la AECID. Dentro de los contextos que se han seleccionado, el caso sirio se encuentra en el primer nivel de prioridad, tal y como se puede ver en la Estrategia de contexto 2016-2017 para Siria e Irak. En esta estrategia la AECID reconoce a UNICEF como uno de los principales socios multilaterales previstos para este período de intervención, por su trayectoria como aliado estratégico de la OAH [Oficina de Acción Humanitaria] en los últimos años. A nivel de colaboración directa con UNICEF, la AECID ha colaborado con UNICEF para intervención humanitaria en la crisis de Siria y países limítrofes con una aportación de 1 millón de euros entre los años 2014 y 2015. Actualmente se está trabajando con nuevas propuestas para los siguientes meses».*

E, a respecto da coherencia do proxecto obxecto de subvención coas políticas de acción humanitaria da cooperación galega, lémbrese que:

*«El III Plan director de la Cooperación Gallega (2014-2017) recoge como una de sus orientaciones estratégicas el responder a las crisis humanitarias con calidad. Para esto prioriza basar su respuesta en necesidades humanitarias y no por otros criterios (políticos o de prioridad geográfica), priorizando la intervención en favor de poblaciones en base a su vulnerabilidad».*

III.11. Toda vez que ten transcendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), o expediente deberá ser sometido a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

O informe xurídico dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

#### IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Conceder á Fundación UNICEF – Comité Español (C.A. de Galicia) unha subvención directa por importe de 20.000€ (VINTE MIL EUROS) para o desenvolvemento dun proxecto de distribución de subministros básicos escolares e de lecer para a infancia en Siria, de acordo co documento e a proposta presentada ó Concello de Vigo: “ACCESO Á EDUCACIÓN EN SIRIA: APRENDER NO MEDIO DA DESTRUCCIÓN”.

SEGUNDO.- Aprobar e autorizar o gasto de 20.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“Axuda o tercer mundo”) dos orzamentos vixentes, a favor da Fundación UNICEF – Comité Español (C.A. de Galicia), CIF G – 84451087.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión

CUARTO.- A concesión desta subvención rexerá polas seguintes Estipulacións:

1ª.- *Obxecto:* o obxecto desta subvención será a execución do proxecto de UNICEF “ACCESO Á EDUCACIÓN EN SIRIA: APRENDER NO MEDIO DA DESTRUCCIÓN”, consistente na distribución de subministros básicos escolares e de lecer para a infancia en Siria.

2ª.- *Carácter singular da subvención e interese humanitario do proxecto:* trátase dun proxecto de carácter singular e de evidente interese humanitario que xustifica o seu otorgamento como subvención directa ó abeiro dos Arts. 22.2.c), 28 e ccdtes. da LXS e 19.4.c) e 26 da LSG. Xustifícanse documentalmentes tales extremos na Memoria do proxecto presentado por UNICEF que consta no expediente de referencia (Art. 67 RD.887/2006 e Base nº 38 Apdo. 4.2, último pfo.).

3ª.- *Beneficiarios e modalidades de axuda:* os beneficiarios directos da axuda municipal serán uns 5.500 nenos e nenas sirios/as que poderán acceder á educación a través do reparto dos materiais básicos facilitados por UNICEF (kits de material escolar e de lecer).

4º.- *Crédito orzamentario:* o gasto que representa para o Concello de Vigo esta subvención poderán financiarse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“Axuda o tercer mundo”) dos vixentes orzamentos municipais.

5º.- *Pagamento:* tendo en conta as características humanitarias do proxecto (enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento) e da propia entidade promotora (UNICEF), realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención “sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida” («Réxime especial das axudas en materia de cooperación exterior»).

De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

6º.- *Compatibilidade*: esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

7ª.- *Xustificación*: ó abeiro do previsto tanto na Base nº 38 das de execución dos Orzamentos municipais como na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG e en atención á natureza e características específicas do proxecto humanitario de UNICEF en Siria, establécese un réxime especial de xustificación. A xustificación que se entregará no Rexistro xeral municipal, antes do 15 de novembro de 2017, como comprobante da recepción e correcta execución dos fondos incluirá os seguintes documentos:

- Documento xustificativo da transferencia de fondos desde o Comité Español de UNICEF, con indicación expresa do doante, a cantidade e o proxecto ó que se destinan.
- Certificado de recepción de fondos emitido pola central de UNICEF en Nova York, onde se reflicte o tipo de cambio.
- Certificado da subvención recibida asinado pola directora de Administración e Finanzas de UNICEF – Comité español, detallando o proxecto ó que se destinan os fondos.
- Ficha – resumo da situación de emerxencia.

No primeiro trimestre do 2018 entregarase un informe narrativo consolidado da acción de emerxencia levada a cabo na anualidade de 2017.

A beneficiaria deberá facilitar, de ser o caso, a información complementaria que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

8ª.- *Protección de datos*: a beneficiaria queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión desta subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións

de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LPACAP (L.39/2015) e na LRXSP (L.40/2015) e, especificamente, na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política Social.

9ª.- *Réxime xurídico aplicable*: A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerase, ademais de polas anteriores estipulacións, pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; as Bases de Execución dos orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **5(797).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DOS TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS NO AUDITORIO MUNICIPAL DA CASA DO CONCELLO. EXPTE. 1165/330.**

Visto o informe de fiscalización do 28/07/17, dáse conta do informe-proposta de data 27/07/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de 26 de xullo de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

### 11.- Propostas de adxudicación

- b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no Auditorio municipal da Casa do Concello (1.165-333)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no Auditorio municipal da Casa do Concello (1.165-333).

#### ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 13 de xullo de 2017, adoptou o seguinte acordo:

*“ Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no Auditorio municipal da Casa do Concello (1.165-330), na seguinte orde descendente:*

	LICITADOR	TOTAL
1	SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.	95,00
2	EULEN, S.A.	78,37
3	PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.	77,43

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLIMUSIC EVENTS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLIMUSIC EVENTS, S.L, o día 17 de xullo de 2017, que presenta a documentación requirida o día 19 de xullo, dentro do prazo concedido ao efecto.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 26 de xullo de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SOLIMUSIC EVENTS, S.L, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SOLIMUSIC EVENTS, S.L, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 26 de xuño de 2017 e 4 de xullo de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a SOLIMUSIC EVENTS, S.L, o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no Auditorio municipal da Casa do Concello, coas seguintes condicións:*

- *Propón unha redución porcentual dos prezos unitarios previstos no apartado 3.G da FEC de 28,22%*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(798).- AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “III VIGO BATTLE OF TEAMS SUMMER 2017” OS VINDEIROS DÍAS 4,5 E 6 DE AGOSTO DE 2017. EXPTE. 16242/333.**

Dáse conta do informe-proposta de data 28/07/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade Técnica, o secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

**Antecedentes:**

A entidade *Gusoti e Hijos, S.L.*, con CIF (B27799055), solicitou o día 28-04-2017, a través do Rexistro Municipal (Doc.170061306), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: III VIGO BATTLE OF TEAMS SUMMER 2017
- Data: 4- 5 Y 6 de agosto de 2017
- Horario: 08.00h A 21.00h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento deportivo que terá lugar os vindeiros días 4, 5 e 6 de agosto de 2017, a proba se levará a cabo no complexo deportivo de Samil, e o resto das probas terán lugar na praia de Samil, ao carón da desembocadura do río Lagares, nun horario comprendido entre as 8.00h e as 20.00h

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Medio Ambiente.
- Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

Así como o informe do Servizo da Demarcación de Costas de Pontevedra

**2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:**

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

**3- PROPOSTA DE ACORDO:**

Autorizar á entidade *Gusoti e Hijos, S.L.*, con CIF (B27799055), a organizar os vindeiros días 4, 5 e 6 de agosto de 2017, o evento deportivo denominado III VIGO BATTLE OF TEAMS SUMMER 2017, a proba se levará a cabo no Complexo Deportivo de Samil, e o resto das probas terán lugar na praia de Samil.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(799).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS A XUSTIFICAR. EXPTE. 102632/140.**

Visto o informe de fiscalización de data 27/07/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola interventora adxunta e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### *PROPOSTA APROBACIÓN CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS A XUSTIFICAR ANO 2017 (2º)*

*En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:*

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de pagamento</i>	<i>Data Real xustificación</i>	<i>Data legal de xustificación</i>	<i>Reintegro</i>	<i>S/a favor</i>
Barbará Rodríguez Beatriz	201700010057	9200.2260300	9.000,00	8.999,57	14/02/17	04/05/17	14/05/17	0,43	---
Espada Recarey Luis	201700027172	9250.2230000	500,00	63,90	16/03/17	09/06/17	16/06/17	436,10	---
Fernández Fernández Paz	201700024782	2310.7800000	15.000,00	14.970,12	14/03/17	08/06/17	14/06/17	29,88	---
Fernández Fernández Paz	201700049194	2310.4800002	1.518,95	1.518,95	22/05/17	05/06/17	22/08/17	0,00	---
García Álvarez Luis	201700007034	3110.1620000	790,00	150,00	26/01/17	22/02/17	26/04/17	640,00	---
García Álvarez Luis	201700016245	9310.2200100	190,00	0,00	21/02/17	25/05/17	21/05/17	190,00	---
García Álvarez Luis	201700022661	2311.4800000	3.500,00	2.496,00	02/03/17	29/05/17	02/06/17	1.004,00	---
Gutiérrez Orúe Francisco Javier	201700025808	2410.2312007	2.000,00	860,00	10/03/17	08/06/17	10/06/17	1.140,00	---
Mediero Rodríguez Belén	201700008771	3370.2200100	1.250,00	588,10	02/02/17	25/05/17	02/05/17	661,90	---
Otero Lamas Francisco	201700010638	3112.2279900	1.300,00	800,69	14/02/17	08/05/17	14/05/17	499,31	---
Quintela Rodríguez M. <sup>a</sup> José	201700002458	2310.4800000	100.000,00	98.882,89	09/01/17	19/04/17	09/04/17	1.117,11	---
Vieites Alén José Manuel	201700043467	9200.2090000	7.400,00	6.400,00	03/05/17	26/05/17	03/08/17	1.000,00	---
<b>TOTAL</b>			142.448,95	135.730,22				6.718,73	

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido a excepción dos libramentos n.º 201700016245 de García Álvarez Luis, 201700008771 de Mediero Rodríguez Belén e 201700002458 de Quintela Rodríguez M.ª José.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante.	✓	

Resultado da fiscalización:

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	Os pagos a xustificar n.º 201700016245 de García Álvarez Luis, 201700008771 de Mediero Rodríguez Belén e 201700002458 de Quintela Rodríguez M.ª José.	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

## PROPOSTA

En base á Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2015, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, propónse a aprobación das seguintes:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/a favor
Barbará Rodríguez Beatriz	201700010057	9200.2260300	9.000,00	8.999,57	14/02/17	04/05/17	14/05/17	0,43	---
Espada Recarey Luis	201700027172	9250.2230000	500,00	63,90	16/03/17	09/06/17	16/06/17	436,10	---
Fernández Fernández Paz	201700024782	2310.7800000	15.000,00	14.970,12	14/03/17	08/06/17	14/06/17	29,88	---
Fernández Fernández Paz	201700049194	2310.4800002	1.518,95	1.518,95	22/05/17	05/06/17	22/08/17	0,00	---
García Álvarez Luis	201700007034	3110.1620000	790,00	150,00	26/01/17	22/02/17	26/04/17	640,00	---
García Álvarez Luis	201700016245	9310.2200100	190,00	0,00	21/02/17	25/05/17	21/05/17	190,00	---

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe li-brado	Importe xustificado	Data de paga-mento	Data Real xustifica-ción	Data le-gal de xustifica-ción	Reinte-gro	S/a fa-vor
García Álvaro Luis	201700022661	2311.4800000	3.500,00	2.496,00	02/03/17	29/05/17	02/06/17	1.004,00	---
Gutiérrez Orúe Francisco Javier	201700025808	2410.2312007	2.000,00	860,00	10/03/17	08/06/17	10/06/17	1.140,00	---
Mediero Rodríguez Belén	201700008771	3370.2200100	1.250,00	588,10	02/02/17	25/05/17	02/05/17	661,90	---
Otero Lamas Francisco	201700010638	3112.2279900	1.300,00	800,69	14/02/17	08/05/17	14/05/17	499,31	---
Quintela Rodríguez M.ª José	201700002458	2310.4800000	100.000,00	98.882,89	09/01/17	19/04/17	09/04/17	1.117,11	---
Vieites Alén José Manuel	201700043467	9200.2090000	7.400,00	6.400,00	03/05/17	26/05/17	03/08/17	1.000,00	---
<b>TOTAL</b>			142.448,95	135.730,22				6.718,73	

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(800).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN COLECTIVO VECIÑAL CURVA DE SAN GREGORIO, PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUEIRO DO LOCAL SOCIAL, NECESARIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES PARA O ANO 2017. EXPTE. 7604/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20/06/17, e o informe de fiscalización do 19/07/17, dáse conta do informe-proposta de data 19/06/17, asinado polo xefe do Servizo de Participación Cidadá, o concelleiro delegado de Participación Cidadá e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 13/06/2017, D. Alexandre Bermúdez Iglesias, en calidade de presidente da "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio" (CIF: G-36972024), achegou escrito (doc.170086317), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades socioculturais programadas pola entidade para o 2017, entre os meses de xaneiro a outubro, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de mantemento e alugueiro do local social.

Segundo certificación da secretaria da entidade, de data 12/06/2017, e conforme o art. 12 dos seus Estatutos, será o presidente, D. Alexandre Bermúdez Iglesias, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### COMPETENCIA MUNICIPAL

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non conteno financiamento adecuado.

O artigo 25 da LRBL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes mais inmediatos de convenio suscrito coa mesma entidade en anos precedentes:

1. Ano 2016: Expte. 7352/320
2. Ano 2015: Expte. 7000/320
3. Ano 2014: Expte. 6589/320
4. Ano 2013: Expte. 6098/320
5. Ano 2012: Expte. 5575/320
6. Ano 2011: Expte. 5211/320

### RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO

No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvencións públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.

Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexeráse polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspondéndolle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2011, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ao fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como á resolución dos procedementos incoados”. Por último, en virtude do disposto no apartado 4.17º da resolución da Alcaldía de data 19/06/2015, se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación das bases específicas reguladoras da concesión de calquera tipo de subvención ou axuda municipal destinada ao fomento das actividades de utilidade pública ou interese social, así como a proposta de resolución dos expedientes incoados.

#### MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA

Segundo o disposto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario (2017) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2016, inclúe expresamente a partida 9240 4890010 “Convenio Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio”, cunha dotación de 5.000,00 €.

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio”, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 1079/09, segundo resolución de data 03/09/09.

#### OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación necesaria coa "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio" para subvencionar os gastos de mantemento e alugueiro do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola entidade para o ano 2017, entre os meses de xaneiro a outubro, en definitiva para o fomento das súas actividades.

Segundo recolle o art. 5 dos Estatutos da "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio", entre os seus fins da entidade, de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- *"defensa dos intereses do veciños*
- *organización de actividades socioculturais*
- *mellora dos servizos*
- *mellora da calidade de vida da zona".*

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

#### CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

O vixente exercicio presupostario (2017) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2016, inclúe expresamente a partida 9240 4890010 "*Convenio Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio*", cunha dotación orzamentaria de 5.000,00 €.

#### DOCUMENTACIÓN

A "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38<sup>a</sup>.9 das BEP, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

1. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
  - Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 15/03/17
  - Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 15/03/17
  - Seguridade Social, de data 09/03/17
  - Concello de Vigo, de data 07/04/17
2. Declaración responsable da presidenta da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, así como, de non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud expresa da correspondente Xunta Directiva para o inicio do convenio e nomeamento da persoa responsable da sinatura do convenio (anexo I).



2. Declaración responsable de cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non estar incurso en incompatibilidades ou prohibicións (anexo II).
3. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo III).
4. Certificación bancaria do número de conta da entidade ou asociación.
5. Contrato de aluguer do local social (*só no suposto de locais alugados*).
6. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas.
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización, participantes asistentes.
- c) Lugar de realización.
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría).
- e) Recursos humanos e materiais.
- f) Sistemas de avaliación, etc.

7. Proxecto de actividades da entidade para o ano 2017, para cuxo desenvolvemento, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos gastos de aluguer e mantemento do seu local social, realizados entre os meses de xaneiro a outubro (ámbolos dous incluídos). O orzamento de gastos de mantemento que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO GASTOS DE ALUGUEIRO (01/01/2017 - 31/10/2017)	
Alugueiro local social	3.920,00 €
Seguro	504,00 €
Servizo de recollida de lixo	85,00 €
Servizo de abastecemento de auga	285,00 €
Servizo de telefonía e acceso a internet	340,00 €
Servizo de luz	430,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>5.564,00 €</b>

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

#### ANTICIPO

Atendendo ao disposto na Base da execución do presuposto nº 38.7, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando houberen solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

#### PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38<sup>a</sup>.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

Aínda que o convenio desprega a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 31 de outubro de 2017, son gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/01/17 e o 31/10/17, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o 3 de novembro de 2017.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A conta xustificativa presentarse en calquera dos lugares previstos no art. 16 da Lei 39/15, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme ao artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38<sup>a</sup>.8 das BEP.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES59 2080 0572 523040001308 (ABANCA), segundo código de conta cliente de data 13/06/2017, emitido pola entidade bancaria.

#### NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 40 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común e Administración Públicas.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

#### RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18º da Resolución de delegacións do alcalde de data 19/06/2015, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

#### ACORDO

**PRIMEIRO.** - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 5.000,00 € (cinco mil euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890010 denominada "*Convenio Asociación veciños Curva de San Gregorio*", incluída no vixente orzamento municipal de 2017.

**SEGUNDO.** - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio" (CIF.- G-36972024), cuxo obxecto é o

fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2017 e a realizar entre os meses de xaneiro e outubro, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONDECER á referida entidade, unha subvención de 5.000,00 € (cinco mil euros).

**TERCEIRO.** - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN COLECTIVO VECIÑAL CURVA DE SAN GREGORIO" PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL, NECESARIOS PARA A ORZANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O ANO 2017

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezasete

#### REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Alexendre Bermúdez Iglesias, con DNI 36014708-C, en calidade de Presidente da "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio" (CIF : G-36972024), con domicilio social na Rúa Tomás Alonso, nº 185- 6º G, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 7565/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

#### MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades

reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que a entidade "*Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio*", de conformidade co art. 5 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa:

- defensa dos intereses do veciños
- organización de actividades socioculturais
- mellora dos servizos
- mellora da calidade de vida da zona

III.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a "*Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio*" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 1079/09.

IV.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a "*Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio*" leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias planificadas para o ano 2017, en particular, as realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2017, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento derivados da organización, fomento e execución das mesmas.

V.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4890010, denominada "*Convenio Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio*", nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 5.000,00 €.

VI.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento e aluguer do local social da asociación, necesarios para organizar e levar a cabo as actividades

programadas pola entidade para o ano 2017 (xaneiro-outubro) , cuxa contía total, segundo orzamento de gastos, e o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO GASTOS DE ALUGUEIRO (01/01/2017 - 31/10/2017)</b>	
Alugueiro local social	3.920,00 €
Seguro	504,00 €
Servizo de recollida de lixo	85,00 €
Servizo de abastecemento de auga	285,00 €
Servizo de telefonía e acceso a internet	340,00 €
Servizo de luz	430,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>5.564,00 €</b>

VII.- Que a entidade “*Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio*” non incorre en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

VIII.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “*Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio*”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

#### PACTOS

**Primeiro.**- A entidade “*Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio*” comprométese a colaborar coa concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto a correspondente memoria

económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.

6. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar tanta información e documentación se lle solicite ao efecto.

7. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Segundo.**- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade “*Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio*” unha subvención por importe de 5.000,00 € (cinco mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890010, denominada “*Convenio Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio*”, do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar no financiamento gastos de mantemento e aluguer do local social da asociación, necesarios para a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola entidade para o 2017 (xaneiro-outubro), en definitiva, para o seu fomento.

2. Respetar a estrutura organizativa da “*Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio*” e asinar o convenio estruturado en áreas con programas específicos.

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

**Terceiro.**- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

**Sexto.-** A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, última modificación 20 de maio de 2016.

**Sétimo.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio.

**Oitavo.-** A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades.

**Noveno.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa



correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **3 de novembro de 2017**.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e

compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención

- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, debe estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista da subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención

- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

**Décimo.-** A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES59 2080 0572 52 3040001308 (ABANCA).

**Décimo primeiro.**- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Décimo segundo.**- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2017, no período comprendido entre o 01/01/17 e o 31/10/17.

**Décimo terceiro.**- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.**- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo quinto.**- Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo sexto.**- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo sétimo.**- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Comúns das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo

responsable do seu tratamento a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.

**Décimo oitavo.**- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo noveno.**- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Vixésimo.**- O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2017, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2017.

### **9(801).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS E DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE USO PRIVATIVO DOS TRES LOCAIS MUNICIPAIS DO INMOBLE DO NÚM. 46 DA RÚA AREAL. EXPTE. 19963/240.**

Visto o informe de fiscalización do 27/07/17, dáse conta do informe-proposta de data 20/07/17, asinado pola xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e o concelleiro-delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia
- RDL 3/2011 de 14 novembro, do Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público. (TRLCSP)
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO.**- A Xunta de Goberno Local en sesión de 12 de maio de 2017, acordou aprobar inicialmente o Prego de cláusulas administrativas que rexerá a concesión administrativa do uso privativo dos tres locais/despachos municipais do inmoble do núm. 46 da rúa Areal, conxuntamente ó texto que figura no anexo I, e someter á información pública polo prazo de trinta días o prego de cláusulas administrativas aprobados.

SEGUNDO.- No periodo de información pública, mediante edicto publicado no BOP nº 103 en data 31/05/2017 polo prazo e procedemento regulamentario, ó que se someteu o prego de condicións administrativas aprobado, non foron formuladas alegacións ao mesmo, segundo resulta da certificación da Secretaria de Goberno Local de data 13/07/2017.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A ocupación do dominio público municipal suxetase ao réxime xurídico previsto no ordeamento xurídico para o outorgamento das concesións administrativas de dominio e en concreto a regulación que das mesmas se contén no capítulo 1º do título II da Ley 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas e no capítulo IV do Título I do Real Decreto 1372/86 do Regulamento dos Bens das Entidades Locais.

SEGUNDO.- O procedemento e forma da adxudicación a seguir para o outorgamento da concesión administrativa, como título habilitante é, no presente caso, a concesión directa, proposto pola Xefa de área de Xestión Patrimonial e Territorial no seu informe de data 8 de maio do 2017 e na cláusula I Obxecto. Apartado 2 do Prego de Condicións Administrativas redactado pola mesma (aprobado pola Xunta de Goberno local o 12/05/2017) *o sinalar que “ De conformidade co disposto no art. 93.1 en relación o 137.4 da Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas, a concesión administrativa outorgarase mediante adxudicación directa a favor da Universidade de Vigo.”*

TERCEIRO.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público.

A vista do acordado, sométese á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobado definitivamente o prego de condicións administrativas que rexerá a concesión administrativa do uso privativo dos tres locais/despachos municipais do inmoble do núm. 46 da rúa Areal, consonte ó texto que figura *anexo o presente acordo.*

2º.- Outorgar á Universidade de Vigo a concesión administrativa do uso privativo dos tres locais municipais do inmoble do núm. 46 da rúa Areal, dacordo co anterior prego aprobado.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### ANEXO I

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS QUE REXERÁ A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA POLO EXCMO. CONCELLO DE VIGO DO USO PRIVATIVO DOS TRES DESPACHOS DO PRIMER ANDAR DO EDIFICIO DO ANTIGO RECTORADO DO NÚM. 46 DA RUA AREAL Á UNIVERSIDADE DE VIGO

#### **CLÁUSULA I.- OBXECTO**

1.- O presente prego ten por obxecto o establecemento das condicións administrativas particulares que rexerán a concesión administrativa para o uso privativo dos tres espazos/des-

pachos do primer andar do edificio municipal de dominio publico denominado "Antigo Rectorado" sito no número 46 da rúa Areal, con destino exclusivo a oficinas administrativas da Universidade.

2.-De conformidade co disposto no art. 93.1 en relación o 137.4 da Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas, a concesión administrativa outorgarase mediante adxudicación directa a favor da Universidade de Vigo.

## **CLÁUSULA II.- NATUREZA DA CONCESIÓN**

A natureza da relación que vinculará ó concesionario co Concello, será a propia da concesión administrativa de dominio público, conforme ó previsto no artigo 78 e seguintes do Real Decreto 1372/86, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

A concesión, que non supón cesión de dominio público nin de facultades dominicais, comprenderá unicamente o uso privativo dos tres espazos do primer andar do edificio de titularidade municipal para o desenvolvemento pola Universidade de Vigo do uso administrativo de oficina.

## **CLÁUSULA III.- DESCRIPCIÓN DA EDIFICACIÓN, CONDICIÓNS URBANÍSTICAS e MOBILIARIO**

Os tres espazos se sitúan no primer andar do edificio, na cara oeste e sur do mesmo, cunha superficie construída aproximada de 131,57 m<sup>2</sup>, e se levanta sobre unha parcela de 812 m<sup>2</sup>. A parcela sobre a que se ubica o Edificio de propiedade municipal co nº de inventario I-3600, atopase dentro do ámbito de suelo urbano consolidado e dentro do Plan especial de Edificios a Conservar I-II, cualificado con ordenanza 4.6 de zonas de servizo urbano, en donde o uso dotacional administrativo está permitido.

A concesión abrangue o mobiliario presente nos tres espazos e que se recolle con detalle nas fichas 7. 6764, 7-6765, 7-6766, 7-6767, 7-6768, 7-6769, 7-6770, 7-6771, 7-6772, 7-6773, 7-6774, 7-6775, 7-6776, 7-6777, 7-6778, 7-6779, 7-6781 do Inventario de Bens e Dereitos Municipal, e que forman parte deste Prego.

## **CLÁUSULA IV.- DURACIÓN DA CONCESIÓN**

A concesión outórgase por un prazo de dous anos, prorrogable por outro ano mais, iniciándose o seu computo dende ó día seguinte á data na que se formalice en documento administrativo o outorgamento da concesión administrativa.

## **CLÁUSULA V.- VALOR INMOBLE**

Fixase en 2.090.324,99 € o valor do edificio, correspondendo a estes tres despachos un valor de 122.654 euros

## **CLAUSULA VI.- GARANTÍAS**

En previsión do artigo 90 RBEL, non se fixa garantía definitiva en tanto non se executarán obras que obriguen a asegurar posible danos ó dominio público ocupado.

## **CLÁUSULA VII.-CANON DA CONCESIÓN**

A Universidade de Vigo non ven obrigada a satisfacer ao Concello canon anual en concepto de taxa pola utilización privativa especial do dominio público, en tanto a utilización privativa non leva aparellada unha utilidade económica para a Universidade.

### **CLÁUSULA VIII.- PAGAMENTO DE GASTOS E TRIBUTOS**

A concesionaria estará obrigado ó pagamento do importe dos anuncios preceptivos do sometemento a información pública do prego de condicións, dos gastos rexistrados, notariais e administrativos que se orixinen no outorgamento e inscrición da concesión, e de cantos outros gastos, gravames ou tributos de calquera clase se deriven, con motivo dos trámites preparatorios e formalizadores do contrato subseguinte.

### **CLÁUSULA IX.- EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO DO PREGO DE CONDICIÓN**

Aprobado provisionalmente pola Xunta de Goberno Local o Prego de condicións administrativas que rexerán a concesión administrativa de dominio público, expoñerase ó público durante trinta días hábiles, a efectos de reclamacións ou suxestións polas persoas interesadas, a partir da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia, que se presentarán no Rexistro Xeral do Concello en idéntico prazo, ou por calquera dos procedementos previstos na Lei de Procedemento Administrativo Común.

### **CLÁUSULA X.- DEBERES E FACULTADES DO CONCESIONARIO**

#### **A). Deberes do Concesionario**

Ademáis das obrigas que resulten da normativa legal e regulamentaria aplicábel, serán obrigas do concesionario as seguintes:

- 1) A concesión ten carácter persoal, non sendo transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel da constitución ou establecemento na mesma de carga ou gravame ningún.
- 2) Adicaranse os tres despachos a servizos administrativos do Recordado da Universidade de Vigo, con exclusión de calquera outro uso ou actividade.
- 3) Manter ao seu cargo, en bo estado de conservación e limpeza, os tres despachos, así como as súas instalacións e servizos, efectuando as obras de reparación, conservación, mantemento, reposición ou substitución que sexan necesarias ó efecto.
- 4) As obras de reparación e mellora que se executen, serán por conta exclusiva da concesionaria, requirindo a presentación previa dunha memoria ou proxecto e a súa aprobación polo Concello, sen prexuízo das demais autorizacións ou licenzas que sexan preceptivas. En todos os casos, os gastos investidos quedarán en beneficio do inmóbel sen dereito ningún ao seu reembolso por esta administración.
- 5) Permiti-lo acceso ás dependencias e instalacións da concesión, á autoridade e funcionarios municipais en orde á inspección e control desta.
- 7) Responder dos danos ou perdas que poidan ocasionarse a terceiros ou aos propios despachos cedidos e os seus mobles, durante todo o prazo da concesión, debendo suscribir unha póliza de aseguramento a todo risco dos mesmos e na que figure como beneficiaria o Concello de Vigo, acreditando a súa contratación antes do inicio da actividade, e posteriormente con periodicidade anual, a súa renovación e vixencia.
- 8) Satisface-los tributos estatais, autonómicos e locais que lle corresponda pola concesión administrativa da que é titular.



9) Aboa-los gastos de teléfono, enerxía eléctrica, gas, subministración de auga, e calquera outro de natureza semellante.

10) A entrega da edificación, xunto coas melloras e instalacións fixas, ao remate, por calquera causa, da concesión administrativa.

**B). O concesionario terá dereito a**

1) Posta a disposición polo Concello dos tres despachos do primer andar do inmovible municipal, e á súa ocupación privativa para o desenvolvemento da actividade, durante o prazo concesional e consonte ó disposto no presente prego.

2) Efectuar, o seu cargo, obras de reparación necesarias dos tres despachos, requiríndose a presentación de memoria explicativa e planos descritivos da obra a realizar, e a previa autorización do Concello.

**CLÁUSULA XI.- FACULTADES DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL CONCEDENTE**

O Concello de Vigo, ostentará as seguintes prerrogativas:

a- Interpretar o contido da concesión e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.

b- Modificar a concesión por razóns de interese público debidamente xustificadas.

c- Acordar a resolución da concesión nos casos e condicións que se establecen no presente prego e na lexislación vixente.

d- Vixiar as obras e instalacións que se efectúen no inmovible, e comprobar o seu estado de conservación e limpeza, sen prexuízo das facultades inspectoras doutros organismos públicos.

e- Vixiar e controlar o cumprimento das obrigas do concesionario, a cuxo efecto poderá inspeccionar o servizo, as instalacións e locais, así como a documentación relacionada con obxecto da concesión.

f- O rescate da concesión, antes do seu vencemento, por circunstancias sobrevidas de interese público, ou por esixencias do planeamento urbanístico.

g- Impoñer ao concesionario penalidades por razón dos incumprimentos en que incorra, nos casos e condicións que se establecen no presente prego e na lexislación vixente.

h- Esixir ao concesionario, no prazo que se fixe no escrito de requerimento, a adopción de medidas, ou a realización de obras e reparacións, que resulten necesarias para a correcta conservación e mantemento dos despachos do inmovible.

i- Calquera outras prerrogativas recoñecidas na lexislación vixente.

**CLÁUSULA XII.- RÉXIME DISCIPLINARIO: INFRACCIÓNS, SANCIÓN E PROCEDIMENTO SANCIONADOR.**

**A. INFRACCIÓNS**

Os incumprimentos contractuais polo concesionario darán lugar á imposición de sancións administrativas e a estes efectos terán a consideración de:

a) **Infraccións leves:**

- A falta de ornato ou limpeza dos espazos.

- O descoido ou mera negligencia no cumprimento das obrigas concesionais que non comporten perdas apreciables ás persoas, ou ao patrimonio municipal.

b) **Infraccións graves:**

- A falta de mantemento ou conservación dos despachos cedidos da edificación

- Non atender ás ordes ou instrucións feitas por esta administración e no prazo que ao efecto outorge, referente aos seus deberes e obrigacións.

– A comisión de dúas ou máis infraccións, tipificadas como faltas leves no presente prego no período dun ano, sobre as que tivese recaído resolución firme en vía administrativa.

**c) Infraccións moi graves:**

- Destinar o inmovible a actividades distintas das autorizadas.
- O incumprimento da obrigas fiscais ou da Seguridade Social.
- O peche do edificio ou suspensión do exercicio da actividade por un prazo superior a 3 meses no prazo dun ano, sen autorización municipal.
- A execución de obras ou instalacións con incumprimento do sinalado no prego de condicións.
- O impedimento ou a obstrución ao persoal municipal nas súas funcións inspectoras ou de control do edificio e instalacións.
- O incumprimento das demais obrigas concesionais non tipificadas como leves ou graves.
- O impedimento ou limitación ao uso xeral do resto do inmovible.
- A comisión de dúas ou máis infraccións tipificadas como faltas graves no presente prego, nun período dun ano, sobre as que tivese recaído resolución firme en vía administrativa.

**B. SANCIONES**

1. As infraccións previstas no apartado anterior serán sancionadas, previa instrucción do correspondente

expediente, con multas de acordo coa seguinte escala:

- a) Pola comisión de infracción leve: multa de ata 750 €.
- b) Pola comisión de infracción grave: multa de 751 ata 1.500 €.
- c) Pola comisión de infracción moi grave: multa de 1. 501 ata 3. 000 €.

2. A comisión de infracción moi grave poderá tamén ser sancionada coa resolución da concesión.

3. A imposición de calquera das sancións previstas nos apartados anteriores será compatíbel coa esixencia ó infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ó seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perdas causados, os cales serán determinados polo órgano sancionador, debendo fixarse na resolución correspondene á súa contía e o prazo que se determine para a súa satisfacción.

4. As sancións a aplicar fixaranse atendendo os seguintes criterios de gradación:

- a) O grado de culpabilidade do infractor.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- c) A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ó seu valor económico ou á porción de dominio público que resulte afectada.
- d) A reincidencia, por comisión no termo de seis meses de máis dunha infracción das previstas neste prego de condicións, cando así fose declarado por resolución firme.
- e) A reparación do dano voluntariamente antes de recaer a resolución que poña fin ó procedemento sancionador.

**C. PROCEDIMIENTO SANCIONADOR**

O incumprimento das normas establecidas no presente prego, orixinará a incoacción do correspondente expediente sancionador que se tramitará consonte o procedemento previsto na Lei 39/2915,de Procedemento Administrativo Común.

**I.- Organo competente para imposición das sancións.-**

- 1. As sancións por infraccións leves ou graves imporanse polo Concelleiro delegado en materia de Patrimonio.
- 2. As sancións por infraccións moi graves imporanse pola Xunta de Goberno Local .

**II.-Prazo de prescripción das infraccións e sancións.-**

1. As infraccións moi graves prescribirán ós dous anos, as graves ao transcurso dun ano e as leves ós tres meses
2. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán ós tres anos, as impostas por faltas graves ós dous anos e as impostas por faltas leves ó ano.
3. O prazo de prescripción das infraccións comenza a contarse dende o día no que a infracción se acometeu. Interrumpirá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, reanudándose o prazo de prescripción se o expediente sancionador se paraliza máis dun mes por causa non imputábel ó presunto responsábel.
4. O prazo de prescripción das sancións comenza a contarse dende o día o seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interrumpirá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, voltando a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputábel ó infractor.

### **III.-Pagamento das sancións:**

O importe das multas será aboado polo concesionario na Caixa do Concello, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación. Se transcorre o prazo fixado sen que se aboase o importe da sanción, esixirase o pagamento por vía de apremio administrativo.

### **CLÁUSULA XIII.- MULTAS COERCITIVAS**

- 1.- Con independencia do réxime sancionador, a Administración poderá impoñer ó concesionario multas coercitivas cando persista no incumprimento das súas obrigas.
- 2.- En caso de reiteración dos incumprimentos previstos na cláusula precedente, a Administración poderá impoñer ó concesionario as seguintes multas coercitivas:
  - a) No caso de incumprimentos leves, multa de 1 a 50 € por día que persista o incumprimento.
  - b) No caso de incumprimentos graves, multa de 51 a 100 € por día que persista o incumprimento.
  - c) No caso de incumprimentos moi graves, multa de 101 a 300 € por día que persista o incumprimento.
- 3.- As multas coercitivas serán independentes e compatibles coas sancións previstas na cláusula precedente do presente Prego.
- 4.- En todos os casos, o Concello, con independencia da imposición da multa, poderá adoptar a costa do concesionario as medidas necesarias para poñer fin á infracción, con dereito a repetir contra o mesmo.
- 5.- O disposto na presente Cláusula enténdese sen prexuízo do dereito do Concello a reclamar a indemnización de danos e prexuízos ou a resolución da concesión, así como sen prexuízo das sancións administrativas que procedan no seu caso.

### **CLAUSULA XIV.- RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN**

Seran causa de resolución da concesión, sen prexuízo das tipificadas como infraccións moi graves, as seguintes:

- a) A cesión, transferencia ou novación da titularidade da concesión.
- b) Allear ou gravar os bens o dereitos concesionais.

- c) Destinar os despachos da concesión a usos ou actividades distintos dos expresados neste prego.
- d) O incumprimento reiterado as ordes ou instrucións dictadas pola Administración, referente ao mantemento dos despachos.

#### **CLÁUSULA XV.- RESCATE**

1.- O Concello de Vigo resérvase o dereito de deixar sen efecto a concesión antes do seu vencemento, de xeito unilateral, por circunstancias sobrevidas de interese público, ou por esixencias do planeamento urbanístico.

2.- Serán efectos do rescate:

- a) A reversión do inmovible ó Concello xunto coas súas melloras.
  - b) O concesionario non terá dereito a indemnización algunha.
- 3.- Seguirase o procedemento legalmente establecido para acordar o rescate.

#### **CLÁUSULA XV.- EXTINCIÓN DA CONCESIÓN**

A concesión extinguirase:

- a) Polo transcurso do prazo polo que foi outorgada a concesión.
- b) Polo seu rescate ou resolución anticipada, consonte o previsto no prego.
- c) Por calquera das causas previstas no art. 100 da Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas.

#### **CLÁUSULA XVI.- REVERSIÓN**

1.- Á extinción da concesión, e con independencia da causa que a motive, o concesionario verá obrigado a cesar no uso e ocupación do inmovible, debendo deixar a edificación e terreos anexos á libre disposición do Concello, en perfecto estado de conservación, que revertirán gratuitamente e libre de cargas e gravames xunto coas súas melloras e instalacións fixas, sen que o concesionario teña dereito a percepción de indemnización ou contraprestación ningunha.

2.- Da recepción polo Concello dos bens revertidos levantarase a correspondente acta en presenza do concesionario, se comparecese este a dito acto. Na acta reseñarase o estado de conservación dos bens revertidos, especificándose, de selo caso, as deficiencias ou deterioros que presenten, servindo a acta de base para instruír o correspondente expediente, no que se concretará o importe das reparacións necesarias, cuxo abono esixirásese ó concesionario, utilizando, se fose necesario, o procedemento de apremio administrativo.

3.- Estabelécese como prazo máximo para o desaloxo e entrega dos bens, o de quince días hábiles a contar dende a data de extinción da concesión.

Se transcorrido dito prazo, o concesionario non procedera ó dexaloso e entrega dos bens, aboará ó Concello de Vigo, en concepto de indemnización, a cantidade de 300 euros por cada día de retraso no que incorra, e ata o total cumprimento da súa obriga. O Concello, sen prexuízo de dita indemnización, poderá exercitar as accións e facultades que o ordenamento xurídico lle recoñece na defensa e protección do seu patrimonio.

#### **CLÁUSULA XVII: FORMALIZACIÓN DA CONCESIÓN**

A concesión formalizarase en documento administrativo, nun prazo de 15 días dende a data da notificación do acordo ao solicitante, puidéndose elevar a documento notarial se calquera das partes o solicita, debendo neste caso seren de conta de quen o solicite os gastos que se deriven do outorgamento da escritura.

#### **CLÁUSULA XVIII.: TRIBUNAIS COMPETENTES**

A prerrogativa de interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento corresponde ó Concello de Vigo, e á xurisdicción contencioso-administrativa a competencia para coñecer as cuestións litixiosas que xordan ou se deriven da aplicación destas condicións que conteña o contrato, ou en canto á interpretación, modificación ou resolución.

#### **CLÁUSULA XX- RÉXIME XURÍDICO**

No non previsto no presente prego, estarase ó disposto na Lei de Bases de Réxime Local, Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, Regulamento de Bens das Entidades Locais e demais disposicións de aplicación.

#### **10(802).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO “CRONISTA OFICIAL DA CIDADE” O USO TEMPORAL DO DESPACHO SITO NA 1ª PLANTA DO EDIFICIO MUNICIPAL DA RÚA AREAL Nº 46 . EXPTE. 19973/240.**

Visto o informe de fiscalización do 14/07/17, dáse conta do informe-proposta de data 10/07/17, asinado pola xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e o concelleiro-delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

Primeiro.- Por Resolución da Alcaldía do 15 de febreiro do 2017 resolveuse:

*“PRIMEIRO. Nomear Cronista Oficial da Cidade a D. Ceferino de Blas García.*

*SEGUNDO. O nomeamento ten carácter honorífico, persoal, vitalicio e gratuíto, non obstante poderá ser indemnizado dos gastos realizados no exercicio do cargo, especialmente aqueles relativos os estudos ou investigacións de carácter excepcional.*

*TERCEIRO. O nomeamento formalizarase en acto singularizado no que se realizará entrega do diploma e do símbolo acreditativo da distinción.*

*CUARTO. O Cronista Oficial da Cidade será invitado ás solemnidades do Concello nun posto preferente, a tal efecto o Alcalde lle dirixirá unha comunicación; terá acceso permanente os fondos e documentación do arquivo e dependencias culturais municipais.”*

Segundo.- Pola oficina da Alcaldía interesouse a posta a disposición dun espazo no edificio municipal sito na rua Areal nº 46 co fin de que o “Cronista Oficial da Cidade” poida desenvolver as súas actividades de estudo e investigación vencelladas a esta figura honorífica.

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

I.- Normativa de aplicación

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAP).
- RD 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o regulamento de patrimonio das administracións públicas
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia
- RDL 3/2011 de 14 novembro, do Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSF)

- RD 24 xullo de 1889 do Código Civil (CC).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL)

## **II.- Natureza xurídica da edificación da rúa Areal**

O Concello de Vigo, é dono, por título de compravenda num. 1472 da relación protocolaria do notario José Piñeiro Prieto, de data 31 de xullo de 2000, do edificio do num. 46 da rúa Areal coñecido como "Antigo Rectorado", bien demanial afecto a servizos administrativos municipais, ficha I-3600 do Inventario de Bens e Dereitos Municipais, epígrafe 1 de bens inmóbeis co código de propiedade 3600 e coa natureza xurídica de servizo público, dunha superficie construída total de 2750 m<sup>2</sup> (765 m<sup>2</sup> por planta) e distribuído en baixo e 3 plantas, atopándose na actualidade sen uso e baleiro un pequeno despacho na 1ª planta.

Trátase dun ben demanial que ven sendo adicado ó servizo público administrativo, estando calificado no Plan especial de Edificios a Conservar, integrado no PXOM, como unha dotación pública.

## **III.- Necesidade de título para a ocupación**

A condición de edificio administrativo en función do seu destino para oficinas e dependencias auxiliares dos servizos administrativos municipais, dacordo coa conceptualización que deles fai a LPAP, determina a súa clasificación como ben de natureza demanial coa que figura rexistrada no inventario municipal (art. 4 e 5 LPAP, art. 263 e 265 LALG) e suxeto, conseguintemente, ó reximen xurídico regulador do demanio público das Administracións Públicas.

A ocupación privativa por terceiros do dominio público municipal require do correspondente título habilitante, autorización ou concesión administrativa, a otorgar previa valoración das circunstancias concurrentes e motivación que a xustifique, tendo en conta que supoñe unha excepción o uso xeral que rixe os bens destinados ó servizo público.

Na normativa básica reguladora do patrimonio das entidades locais non existe unha norma específica reguladora da posible ocupación por terceiros de espazos nos edificios administrativos, o contrario do que acontece para o patrimonio pertencente a Administración Xeral do Estado, de aplicación supletoria, que sí regula a posible ocupación con carácter excepcional de espazos nos seu edificios, para aqueles casos de que se trate de dar soporte a servizos dirixidos ao propio persoal destinado no edificio ou para o público visitante (art. 89 LPAP), ou para o cumprimento esporádico ou temporal (por prazo de catro anos prorrogables por igual prazo) de fins ou funcións públicas (art. 90 LPAP).

## **IV.- Procedemento e forma de adxudicación**

Polo anteriormente exposto, tendo en consideración o nomeamento do Cronista Oficial da Cidade efectuado na resolución do 15/2/2017 e a necesidade de que dispoña dun espazo axeitado para o desenvolvemento das súas actividades, asociadas a tal nomeamento, estímase que concurren circunstancias de interese público municipal que xustifican a posta a disposición con carácter temporal e en precario, dunha oficina no edificio municipal da Rúa Areal nº 46.

Conseguintemente, procede o otorgamento da correspondente autorización administrativa de uso baixo as condicións xerais previstas na normativa legal reguladora do patrimonio das administracións públicas e as particulares pertinentes.

## **V.- Competencia**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda, parágrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

## **ACORDO**

Primeiro.- Autorizar ao "Cronista Oficial da Cidade", d. Ceferino de Blas García, nomeado por resolución da Alcaldía de data 15/02/2017, o uso temporal do despacho sinalado a continuación, sito na 1ª planta do edificio municipal da rua Areal nº 46 desta cidade de Vigo.

Segundo.- A autorización outórgase nas seguintes condicións:

1º.- A autorización limitarase ó dereito ó uso do despacho, non supoñendo, en ningún caso, cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre o inmóbel.


2º.- A autorización outórgase a título gratuito e co único fin de ser adicada, polo usuario, ás actividades propias da súa condición de Cronista Oficial da Cidade, con exclusión expresa de calquera outro uso ou finalidade.

3º.- O prazo da autorización fíxase en catro anos, prorrogables por igual prazo, mediante acordo expreso desta Administración e previa a súa solicitude polo usuario feita cunha antelación de tres meses ó remate do prazo fixado.

4º.- A autorización ten carácter persoal, non sendo transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel da constitución ou establecemento na mesma de carga ou gravame ningún.

5º.- O Concello resérvase a facultade da revocación unilateral da autorización, en calquera momento, cun preaviso de seis meses, por razóns de interese público, sen que se xere dereito indemnizatorio ningún a favor do usuario polo devandito acto.

6º.- Sera de conta do usuario a responsabilidade civil ou patrimonial que resulte da ocupación, polos danos que poida causar a terceiros ou a propiedade municipal, na súa condición de usuario.



7º.- A administración autorizante resérvase a facultade de inspeccionar en calquera momento o ben obxecto da autorización, para comprobar o cumprimento dos termos nos que foi outorgada, podendo dictar as instrucións e ordes pertinentes para o bo estado de conservación e mantemento do mesmo.

8º.- Son causas de extinción da autorización, ademais das xerais previstas nas leis:

- Polo transcurso do prazo outorgado.
- A adicación do local a usos ou fins distintos ós autorizados.
- A revocación unilateral acordada polo Concello ou o desistimento ou renuncia do cesionario.

Terceiro.- A presente autorización, formalizarase en documento administrativo, no prazo dos trinta días seguintes á data da súa notificación ó interesado.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(803).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE SEGURIDADE E MOBILIDADE NO 1º SEMESTRE DO ANO 2017. EXPTE. 102145/210.**

Dáse conta da proposta do concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, de data 21/07/17, que di o seguinte:

*Cumprindo as instrucións da base 31ª das de execución do orzamento en vigor, remítese para dar conta á Xunta de Goberno Local, relación de expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Seguridade e Mobilidade, no primeiro semestre do ano 2017 e que son os seguintes:*

Nº EXPTE	DATA DECRETO	PARTIDA	TIPO	ASUNTO	ADXUDICATARIO	RC	IMPORTE
99880/210	18-01-2017	13302269900	SERVIZOS	Gastos orixinados pola solicitude de informes ao rexistro	XENERICO	4468	150,00 €
99881/210	19-01-2017	13302200200	SUBMINISTRO	Subministro de material informatico non inventariable	XENERICO	5213	2.000,00 €
99882/210	19-01-2017	13302270605	SERVIZOS	Valoración de vehículos para chatarra que están no depósito municipal e outros de interese para o servizo	PERISOBER S.L	5214	4.500,00 €
100082/210	31-01-2017	13306250000	SUBMINISTRO	Adquisición de mobiliario de oficina	PAZ-DISMAC S.L	8649	17.905,58 €
100805/210	25-04-2017	13302219900	SUBMINISTRO	Subministro e instalación de sinalización	API MOVILIDAD S.A	41054	21.779,95 €
100806/210	02-05-2017	13302219900	SERVIZOS	Sinalización de eventos	API MOVILIDAD S.A	41891	21.779,97 €
101355/210	25-05-2017	13302260200	SERVIZOS	Campaña publicitaria Pedaliña 2017	ECOVIGO PUBLICIDAD S.L	22889	14.832,35 €
101357/210	25-05-2017	13302269900	SERVIZOS	Gastos varios con motivo da celebración da Pedaliña 2017	XENERICO	51369	8.200,00 €



Nº EXPTE	DATA DECRETO	PARTIDA	TIPO	ASUNTO	ADXUDICATARIO	RC	IMPORTE
101857/210	30-06-2017	13302240000	CONTRATO PRIVADO	Póliza de seguro para celebración da II Marcha ciclista popular montes de Vigo	MAPFRE	65640	672,00 €

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **12(804).- PROXECTO DE CONVENIO COA FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA “FEIRAS DO LIBRO DE VIGO” DURANTE O EXERCICIO 2017. EXPTE. 1318/330.**

Visto o informe xurídico do 18/07/17, e o informe de fiscalización do 26/07/17, dáse conta do informe-proposta de data 12/07/17, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*Con data do Rexistro Xeral 10 de xullo pasado, a Federación de Libreiros de Galicia presenta escrito de solicitude de subvención para o programa das FEIRAS DO LIBRO DE VIGO a realizar durante o exercicio 2017; por este motivo, con data 11 de xullo, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, por importe de 7.200 €, e realizar un convenio con esta entidade para regulala.*

#### **ANTECEDENTES.-**

*A FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA é unha entidade sen ánimo de lucro que ven desenvolvendo ininterrumpidamente a súa actividade dende o ano 1977 e que está integrada por libreiros con establecemento aberto na Comunidade Autónoma de Galicia. Dentro das actividades de apoio e promoción ao libro e ás librerías, realiza anualmente unha serie de actividades, entre as que destacan as Feiras do Libro e as Feiras do Libro Antigo e de Ocasión, ecentos con natureza claramente cultural cun papel importante na sociedade galega e nas cidades onde se desenvolven.*

#### **PROGRAMA:**

*A FEIRA DO LIBRO NOVO DE VIGO terá lugar na Porta do Sol do 29 de xuño ao 8 de xullo de 2017.*

*A FEIRA DO LIBRO ANTIGO E DE OCASIÓN DE VIGO terá lugar na Praza de Compostela do 9 ao 25 de xullo de 2017.*

*A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 30.600 € (trinta mil seiscentos euros), financiándose coas seguintes achegas:*

- Concello de Vigo: 7.200 € (23,53%)
- Xunta de Galicia: 9.400 € (30,72 %)

- Deputación Provincial de Pontevedra: 2.000 € (6,54%)
- Recursos propios da entidade: 12.000 € (39,21%)

#### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do director
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento (neste caso o tomador do seguro é a empresa instaladora das estruturas e casetas das feiras)
- Escrito da Federación de Libreiros de Galicia de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo ao programa FEIRAS DO LIBRO DE VIGO.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Federación de Libreiros de Galicia, para a organización do programa FEIRAS DO LIBRO DE VIGO, obxecto do presente convenio, rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Federación de Libreiros de Galicia deberá axustarse ao previsto no art. 22. apartado 2. c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, en base a:

- o interese público, social e cultural que supón a actividade proposta para a cidade de Vigo.
- a evidente exclusividade que ten a entidade na organización da actividade proposta, ao aglutinar a organización e desenvolvemento das feiras do libro en toda a Comunidade Autónoma de Galicia.
- a repercusión a nivel da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito da cultura en xeral e do fomento do libro e das librerías en concreto.

- a complementariedade que supón a actividade proposta para a programación cultural municipal.

Por todo o exposto, considérase que non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

Dado que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións, inclúese o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á Federación de Libreiros de Galicia ten como obxecto financiar a organización do programa FEIRAS DO LIBRO DE VIGO con cargo á partida 3340.489.00.06 "SUBVENCIÓN CULTURAL", a concesión dunha subvención por importe de 7.200 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á Federación de Libreiros de Galicia é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

#### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 7.200 € (sete mil douscentos euros) á Federación de Libreiros de Galicia, CIF. V-15038458, para o financiamento do programa FEIRAS DO LIBRO DE VIGO, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.06 "SUBVENCIÓN CULTURAL", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Federación de Libreiros de Galicia que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa FEIRAS DO LIBRO DE VIGO".

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA , PARA O DESENVOLVEMENTO DAS FEIRAS DO LIBRO DE VIGO DURANTE O EXERCICIO 2017*

*En Vigo, \_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezasete*

### **REÚNENSE**

*A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,*

*Doutra, D<sup>a</sup>. Pilar Rodríguez Álvarez, na súa condición de presidenta da Federación de Libreiros de Galicia (CIF: V-15038458) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social en rúa República Salvador, 28, entrechán B, CP 15701, da cidade de Santiago de Compostela, e actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.*

*Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,*

### **MANIFESTAN**

*I.- Que a FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA é unha entidade sen ánimo de lucro que ven desenvolvendo ininterrumpidamente a súa actividade dende o ano 1977 e que está integrada por libreiros con establecemento aberto na Comunidade Autónoma de Galicia. Dentro das actividades de apoio e promoción ao libro e ás librerías, realiza anualmente unha serie de actividades, entre as que destacan as Feiras do Libro e as Feiras do Libro Antigo e de Ocasión, ecentos con natureza claramente cultural cun papel importante na sociedade galega e nas cidades onde se desenvolven.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA, concretamente nas FEIRAS DO LIBRO DE VIGO, como medio que é de promover e dinamizar a cultura na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o Concello de Vigo colaborará no citado programa con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.06 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio, a favor da FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA, coa cantidade de 7.200 euros.*

*IV.- Que o FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao*

*corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

*V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

*De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes*

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

*A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver as FEIRAS DO LIBRO DE VIGO durante o exercicio 2017, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.*

### **SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO**

*A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 30.600 € (trinta mil seiscientos euros), financiándose coas seguintes achegas:*

- Concello de Vigo: 7.200 € (23,53%)*
- Xunta de Galicia: 9.400 € (30,72 %)*
- Deputación Provincial de Pontevedra: 2.000 € (6,54%)*
- Recursos propios da entidade: 12.000 € (39,21%)*

### **TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA**

*A FEIRA DO LIBRO NOVO DE VIGO terá lugar na Porta do Sol do 29 de xuño ao 8 de xullo de 2017.*

*A FEIRA DO LIBRO ANTIGO E DE OCASIÓN DE VIGO terá lugar na Praza de Compostela do 9 ao 25 de xullo de 2017.*

### **CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

*-Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D<sup>a</sup>. Pilar Rodríguez Álvarez, presidenta da mesma.*

*-Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.*

- Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
  - Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
  - Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
  - Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.
  - Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
- A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
  - Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

#### QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (7.200 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

#### SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

*O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.*

*O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.*

#### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

*Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.*

*Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.*

*O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.*

*Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.*

*A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.*

*A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.*

*A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).*

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

**OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- *Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 30 de novembro de 2017.*
- *Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.*
- *Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:*
  1. *Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.*
  2. *Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.*
  3. *Memoria de prensa.*
  4. *Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.*
  5. *Reportaxe fotográfica.*
- *Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.*
- *Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o*



*importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*

- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.*
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.*
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.*

*Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.*

#### *Gastos subvencionables:*

*Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2017 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.*

*En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.*

#### *Importe total de subvencións ou axudas:*

*A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).*

### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

*A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.*

*Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

#### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN**

*A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

*Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

*En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

*A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.*

#### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

*Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.*

*A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.*

*Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.*

#### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

*O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.*

#### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

*O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2017, e non será prorrogable.*

#### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

*Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.*

*O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.*

*Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.*

#### **DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

*A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.*

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO  
ORZAMENTO DO PROGRAMA  
FEIRAS DO LIBRO DE VIGO

1.- GASTOS:

<i>Persoal de apoio e xestión nas feiras</i>	900
<i>Aluguer de casetas e estruturas</i>	19.000 €
<i>Luz, vixilancia e son</i>	6.000 €
<i>Actividades</i>	2.000 €
<i>Imprenta, distribución e difusión</i>	2.500 €
<i>Aval</i>	200 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>30.600 €</b>

2.- INGRESOS:

<i>Concello de Vigo</i>	7.200 €
<i>Xunta de Galicia</i>	9.400 €
<i>Deputación provincial de Pontevedra</i>	2.000 €
<i>Recursos propios</i>	12.000 €
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>30.600 €</b>

**13(805).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA DE CONCERTOS 2017. EXPTE. 1332/330.**

Visto o informe xurídico do 20/07/17, e o informe de fiscalización do 27/07/17, dáse conta do informe-proposta de data 14/07/17, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 13 de xullo pasado, a asociación Orquesta Clásica de Vigo presenta no Rexistro Xeral solicitude de subvención e presenta a documentación ao respecto; por este motivo, con data 14 de xullo, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización e realización do programa de concertos de 2017, e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 16.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.04 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A Orquesta Clásica de Vigo é unha entidade sen ánimo de lucro, decana das orquestras de Galicia, con trinta e dous anos de existencia, e que ten acadado prestixio e personalidade propia no ámbito da música. A orquesta realiza de forma estable un programa de concertos anual, cunha actividade enfocada a investigar nos formatos e nas posibilidades de achegar a música a todos os públicos.

PROGRAMA:

**Martes 28 de marzo**

*Concerto 1: Reconquista*  
Colexiata de Santa María.  
Gratuíto

**Mércores 17 de maio**

*Concerto 2: Letras Galegas "Carlos Casares"*  
Auditorio Municipal do Concello  
Pagamento

**Venres 15 de setembro**

*Concerto 3: "Ágora Poética"*  
Escola de Artes e Oficios  
Gratuíto

**Venres 22 de setembro**

*Concerto 4: Jazz*  
Auditorio Municipal do Concello  
Pagamento

**Venres 27 de outubro**

*Concerto 5: Danza*  
MARCO  
Pagamento

**Venres 17 de novembro**

*Concerto 6: Salesianos*  
Teatro Salesianos  
Pagamento

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 25.812,26 € (vintecinco mil oitocentos doce euros con vinteseis céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 16.000 € (61,99 %)
- Ingresos por venda de entradas: 7.000 € (27,12 %)
- Aportación da entidade: 2.812,26 € (10,89%)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitude de subvención
- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do Presidente
- CIF da Asociación
- Estatutos da Asociación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Facenda
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Capacidade legal do presidente da entidade
- Certificado exención de iva
- Póliza de seguro RC e recibo de pagamento
- Escrito remitido pola Orquesta Clásica de Vigo de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo ao programa de concertos 2017, proposto polo Concello de Vigo.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á asociación Orquesta Clásica de Vigo, para a organización do programa de concertos 2017, obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Orquesta Clásica de Vigo deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2017, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á Orquesta Clásica de Vigo ten como obxecto financiar a organización do programa de concertos 2017 e figura na partida 3340.480.00.04 "CONVENIO ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO", a concesión dunha subvención nominativa por importe de 16.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á Orquesta Clásica de Vigo é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

#### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

*"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 16.000 € (dezaseis mil euros) á Orquesta Clásica de Vigo, CIF. G36688422, para o financiamento do programa de concertos 2017, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.04 "CONVENIO ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Orquesta Clásica de Vigo que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa de concertos 2017.*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA DE CONCERTOS 2017*

*En Vigo, \_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezasete*

*REÚNENSE*

*A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,*

*Doutra, D<sup>a</sup>. Iria Pérez Gregorio, na súa condición de presidenta da Orquesta Clásica de Vigo (CIF: G-36688422) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo na Avenida Clara Campoamor, 28, CP 36213 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.*

*Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,*

#### MANIFESTAN

*I.- Que a ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro, decana das orquestras de Galicia, con trinta e tres anos de existencia, e que ten acadado prestixio e personalidade propia no ámbito da música. A orquesta realiza de forma estable un programa de concertos anual, cunha actividade enfocada a investigar nos formatos e nas posibilidades de achegar a música a todos os públicos.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO, como medio que é de promover a música na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.04, como subvención nominativa, a favor da ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO, a cantidade de 16.000 euros.*

*IV.- Que a ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

*V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas de forma nominativa no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

*De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes*



## CLÁUSULAS

### *PRIMEIRA.- OBXECTO*

*A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver o programa de concertos durante o exercicio 2017, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio*

### *SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO*

*A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 25.812,26 € (vintecinco mil oitocentos doce euros con vinteseis céntimos), financiándose coas seguintes achegas:*

- Concello de Vigo: 16.000 € (61,99 %)*
- Ingresos por venda de entradas: 7.000 € (27,12 %)*
- Aportación da entidade: 2.812,26 € (10,89%)*

### *TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA*

*Martes 28 de marzo*

*Concerto 1: Reconquista  
Colexiata de Santa María.  
Gratuíto*

*Mércores 17 de maio*

*Concerto 2: Letras Galegas "Carlos Casares"  
Auditorio Municipal do Concello  
Pagamento*

*Venres 15 de setembro*

*Concerto 3: "Ágora Poética"  
Escola de Artes e Oficios  
Gratuíto*

*Venres 22 de setembro*

*Concerto 4: Jazz  
Auditorio Municipal do Concello  
Pagamento*

*Venres 27 de outubro*

*Concerto 5: Danza  
MARCO  
Pagamento*

*Venres 17 de novembro*

*Concerto 6: Salesianos  
Teatro Salesianos  
Pagamento*

#### CUARTA.- OBRIGAS DE ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

–Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D<sup>a</sup>. Iria Pérez Gregorio, presidenta da entidade.

–Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

–Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

–Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

–Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

–Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.

–Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

–A concesión da subvención á ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

–Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

#### QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (16.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.
- Ceder os espazos de titularidade municipal para o desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio: Auditorio Municipal do Concello e salón de actos do MARCO.

**SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO.  
UNIDADE XESTORA**

*Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.*

*O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.*

*O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.*

**SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

*Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.*

*Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.*

*O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ASOCIACIÓN, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.*

*Así mesmo, a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.*

*A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.*

*A ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.*

A ASOCIACIÓN facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

**OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de XXXXX euros.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 30 de novembro de 2017
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  6. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  7. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  8. Memoria de prensa.
  9. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  10. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.

- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do RD 887/2006, de 12 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2017 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

#### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

#### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

*A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.*

*Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

#### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN**

*A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

*Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

*En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

*A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.*

**DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

*Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ASOCIACIÓN. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.*

*A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.*

*Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.*

**DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

*O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ASOCIACIÓN e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.*

**DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

*O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2017, e non será prorrogable.*

**DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**  
*Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.*

*O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.*

*Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.*

**DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

*A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.*

*En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.*

ANEXO I  
ORZAMENTO DO PROGRAMA ANUAL DE CONCERTOS 2017  
ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO

1.- GASTOS:

<i>Administración</i>	2.280 €
<i>Imprenta</i>	2.420 €
<i>Aluger de partituras</i>	3.630 €
<i>Aluger de material</i>	3.630 €
<i>Fotografía</i>	810 €
<i>Transportes de materiais</i>	280 €
<i>Producción técnica e artística</i>	1.210 €
<i>Aluger de Teatro+cine</i>	3.630 €
<i>Viaxes</i>	600 €
<i>Comunicación</i>	612,26 €
<i>Caterin</i>	4.400 €
<i>Publicidade</i>	1.210 €
<i>Lectoras Letras Galegas</i>	200 €
<i>Reforzos musicais jazz</i>	500 €
<i>Deseño cartelería</i>	400 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>25.812,26 €</b>

2.- INGRESOS:

<i>Subvención Concello de Vigo</i>	16.000 €
<i>Venda de entradas</i>	7.000 €
<i>Aportación da entidade</i>	2.812,26 €
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>25.812,26 €</b>

**14(806).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE HUMANIZACIÓN DA RÚA COLOMBIA, FASE I. EXPTE. 3489/443.**



Visto o informe de fiscalización do 26/07/17, dáse conta do informe-proposta de data 21/07/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico-Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

1. A Xunta de Goberno, en sesión de data 17.07.2017 acordou aprobar a modificación orzamentaria nº 41/2007, crédito exprotraordinario, para a apliación do superávit, liquidación do orzamento do ano 2016 para a súa remisión ao Pleno Municipal. Na mesma se contempla a aplicación orzamentaria 1532.619.00.62 "H. Rúa Colombia, pra. Isabel Cat. E C.Piñeiro" con un importe de 483.360,26 euros

2. Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, por resolución de 08/08/2016, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto por importe de 14.520 € para redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol de E.F. Ingenieros.

3. O proxecto presentado en execución do contrato, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Eloy Fenández-Valdés Martínez-Estélez, ten un orzamento base de licitación, máis IVE, de CATROCENTOS OITENTA E TRES MIL TRESCENTOS SESENTA EUROS CON VINTE SEIS CÉNTIMOS (483.360,26 €) e data decembro de 2016.

4. O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, con data 26/06/2017, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato e o Concelleiro Delegado de Fomento, con data 28/06/2017, resolveu iniciar expediente para a aprobación do proxecto.

5. A actuación prevista nesta fase terá lugar na Rúa Colombia entre a Praza Isabel a Católica e a Rúa Couto Piñeiro. As obras a executar se enumeran a seguir:

*Plantexase a retirada do mobiliario urbán, a sinalización e balizamento existente na rua , coa demolición do pavimento existente. A continuación prevese a localización da rede de abastecemento existente, coa finalidade do seu mantemento e conservación, así como as acometidas aos edificios existentes que se surten de dita canalización, prevese unha nova instalación de rede rego, no aspecto de outras instalacións proponse executar canalizacións soterradas por cada marxe da calzada, no alumbrado público proponse una nova canalización así como se propoñen novas luminarias. No que respecta a telecomunicacións e semaforización, prevense novas canalizacións soterradas.*

*Con respecto as redes de saneamento, proponse a creación de novos colectores separativos tanto para pluviais como residuais, con previa excavación en zanja, compactada coa tubeira correspondente segundo se determina no proxecto para cada caso, e posterior recheo das zanzas. Con seus correspondentes pozos de rexistro, sumidoiros e conexións aos edificios correspondentes.*

*Unha vez rematadas as canalizacións definas no proxecto, procederase a execución dos pavimentos, previa explanación , aportación de capa sub-base, e posterior capas de acabado, segundo o tipo de pavimento, así en calzada, aportación de capa de base granular, rego de imprimación e capa de rodadura, en beirarrúas, base de formigón por encima da sub-base, pavimento de lousa de granito flameado, con seu correspondente bordo de delimitación. No vados de carruaxes proponse un pavimento de adoquín de granito asentado sobre base de formigón, co seu correspondente bordo de delimitación. En canto a o estacionamento exterior prevese un pavimento de formigón semipulido sobre capa base de zaborra.*

No apartado de sinalización e balizamento prevese a instalación da sinalectica, tanto en vertical a base de sinais de aluminio lacado e horizontal a base de pintura. Con respecto a xardinaría prevese a ubicación de alcorques con plantación segundo o proxecto.

Propónse un apartado para mobiliario e papeleiras, así como ornamentación para os muros que de contención a base de paneis de aluminio impresos con detalles decorativos, que reflicten escenas sobre o país o que dá nome á rúa.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de SEIS meses.

**6.** O Xefe da oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras Públicas, con data 20 de xullo de 2017 informa que no proxecto se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación ao proxecto; que os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato de obras; e que o proxecto reúne todos os requisitos esixidos polo Real Decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos de las Administraciones Públicas.

## **CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

**I.-** A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.-** O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

**IV.-** A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

**V.-** Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO**

Aprobar o proxecto básico e de execución de "HUMANIZACIÓN DA RÚA COLOMBIA, FASE I, de data decembro de 2016, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Eloy Fenández-Valdés Martínez-Estéllez, cun orzamento base de licitación, máis IVE, de

CATROCENTOS OITENTA E TRES MIL TRESCENTOS SESENTA EUROS CON VINTE SEIS CÉNTIMOS (483.360,26 €) e data decembro de 2016.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(807).- PRODUCTIVIDADE POLA ENCOMENDA DE FUNCIÓNS DE ADXUNTA AO XEFE DE DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO. EXPTE. 9994/407.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19/07/17, dáse conta do informe-proposta de data 19/07/17, asinado polo xefe dos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo, o xerente e o secretario da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

#### **I.- Antecedentes e motivación.**

Ante a situación de baixa da titular do posto de adxunta á xefatura do departamento de Desenvolvemento Urbanístico desta Xerencia Municipal de Urbanismo, con data 20.01.2017, esta xefatura de Servizos Centrais co conforme do Xerente emitiu o seguinte informe-proposta:

*“Con data 13.06.2017 causou baixa a titular do posto de “adxunto/a ó xefe de Desenvolvemento Urbanístico” (posto 420.02) desta Xerencia Municipal de Urbanismo, prevéndose que vai ser prolongada (mínimo 6 meses). Dada a relevancia dos expedientes en trámite no Departamento de Desenvolvemento Urbanístico e a necesidade de que exista responsabilidade no eido xurídico deste departamento, é totalmente imprescindible encomendar ditas funcións á única técnica de administración xeral que existe neste departamento, que reúne unha notable cualificación profesional para o seu desenvolvemento.*

*De acordo co antedito e seguindo instrucións do Xerente, proponse que se encomenden temporalmente as citadas funcións á técnica de administración xeral do Servizo de Planeamento e Xestión (posto 421.05), incluído no departamento de Desenvolvemento Urbanístico, que mantería as súas propias.*

#### **II.- Fundamentación xurídica.**

*A atribución temporal de funcións está contemplada polo artigo 66 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado. Este Real Decreto estatal é de aplicación supletoria para a Administración Local.*

*As vixentes instrucións de plantilla do persoal ó servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos, aprobadas por Xunta de Goberno Local de 20 de setembro de 2010 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 220, de 16 de novembro de 2010, contemplan como un dos supostos retribuíbles polo complemento de produtividade “o desempeño dun posto de categoría superior”, especificando como obxecto de dito complemento retributivo “o especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia do seu titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes, polo importe da diferenza*

*de nivel de complemento de destino e específico entre os dous postos” (neste caso a diferencia solo de complemento específico).*

*Dito complemento deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, a proposta do Consello da Xerencia e previa fiscalización pola Intervención.”*

En base a este informe-proposta a Vicepresidente, con data 23.06.2017, resolveu:

*“Encomendar a D<sup>a</sup>. Beatriz Rodríguez Yáñez, técnica de administración xeral de Planeamento-Xestión, as funcións propias do posto de adxunta á xefatura do departamento de Desenvolvemento Urbanístico desta Xerencia Municipal de Urbanismo. Dita encomenda terá carácter temporal, rematando coa reincorporación da titular do posto”.*

Dita resolución foi notificada a Beatriz Rodríguez Yáñez, o propio 23.06.2017.

Unha vez constatada que a baixa foi superior a un mes (esixencia das vixentes instrucións de plantilla), propónse a aprobación dun complemento de produtividade por importe mensual de 266,64 euros (doceava parte da diferenza anual do complemento específico do posto que ocupa e do posto cuxas funcións se lle encomendan, como se expresou e coa motivación recollida no informe-proposta da encomenda, antes transcrito).

## **II.- Fundamentación xurídica.**

Debe reiterarse a fundamentación xurídica realizada para a encomenda de funcións: o artigo 66 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (de aplicación supletoria para a Administración Local) e as vixentes instrucións de plantilla do persoal ó servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos (aprobadas por Xunta de Goberno Local de 20 de setembro de 2010 e publicadas no BOP de 16.11.2010) que contemplan como un dos supostos retribuíbles polo complemento de produtividade “o desempeño dun posto de categoría superior”.

Conforme ás citadas instrucións de plantilla “o outorgamento deste complemento retributivo responderá necesariamente a:

–Contribuír á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo.

–Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución.”

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata o desenvolvemento lexislativo posterior, consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma e vista a derogación expresa do artigo 23 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudirse ó preceptuado no artigo 22. Un. E) da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para 2017 (BOE nº 153 de 28 de xuño), que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

En igual senso, o artigo 5 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local, o complemento de

produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, actividade extraordinaria e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

### **III.- Cálculo da produtividade proposta.**

O importe do complemento de produtividade proposto (266,64 euros/mes) equivale a 1/12 da diferenca anual do complemento específico do posto que ocupa e do posto cuxas funcións se lle encomendan: 3.199,70 euros/ano.

O cálculo do importe total a percibir debe realizarse entre o 23.06.2017 (data de notificación da encomenda formal) e a data na que se incorpore a titular do posto, estimándose 6 meses e un importe de 1.599,84 euros.

Achégase retención de crédito por dito importe (RC nº 201700002268) con cargo ó Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo (partida 1510.1500000).

### **IV.- Proposta.**

De conformidade co antedito propónse que ó Consello da Xerencia eleve á Xunta de Goberno (competente conforme cos artigos TERCEIRO, apartado 8, e DECIMO, apartado 1.f) dos vixentes Estatutos da Xerencia de Urbanismo e co artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local) a adopción do seguinte acordo:

*“Conceder un complemento de produtividade de 266,64 €/mes a D<sup>a</sup> Beatriz Rodríguez Yáñez, técnica de administración xeral, pola encomenda das funcións do posto de adxunta á xefatura de Desenvolvemento Urbanístico da Xerencia Municipal de Urbanismo, desde o 23.06.2017 e ata a incorporación da titular do posto”.*

En sesión ordinaria de data 27/07/17, o Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, adoptou o seguinte acordo: *“O Consello por unanimidade acorda elevar á Xunta de Goberno Local o presente expediente para a súa resolución.”*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **16(808).- CREACIÓN DO REXISTRO DE ENTIDADES URBANÍSTICAS COLABORADORAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 5193/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 20/07/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Planeamento e Xestión e o xerente da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

I.- Con data do 09.12.2016 entrou en vigor o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (DOG núm. 213 do 09.11.2016), o cal e no que aquí nos ocupa, dispuxo no súa Disposición adicional primeira a supresión do Rexistro de Entidades urbanísticas colaboradoras dependente da Xunta de Galicia.

II.- Por mor do “vacío legal” que se produciu coa supresión de dito Rexistro, e a teor do disposto no artigo 322.6 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia, esta administración incoou baixo o expediente núm.5180/401, o procedemento para a elaboración e aprobación da “Ordenanza reguladora do

Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras do Concello de Vigo”, que permita regular e xestionar dito rexistro.

III.- Neste senso, con data do 27.04.2017 a Xunta de goberno local do Concello de Vigo, acordou, entre outros pronunciamentos, abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante LPACAP) para a aprobación e elaboración da Ordenanza reguladora do Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras do Concello de Vigo.

Na parte “expositiva” do referido acordo se facía constar o obxecto da presente ordenanza nos seguintes termos,

“ (...) A norma terá por obxecto por a disposición desta administración urbanística e dos interesados, unha ferramenta que permita incorporar a un rexistro propio, como mínimo os datos que ata agora eran consignados no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras dependentes da Xunta de Galicia, así como aqueles que afecten ás entidades que se constitúan no futuro. Desta forma, posibilitarase un seguimento máis eficaz da xestión urbanística e da custodia e manexo da información relevante que afecta a estas entidades no exercicio das funcións públicas que legalmente teñan delegadas”

I.V.- Sen prexuízo, da continuación do procedemento legalmente establecido para a aprobación da Ordenanza que regulará e xestionara dito rexistro, compre atender as demandas achegadas oficialmente a esta administración polas diferentes entidades urbanísticas colaboradoras trala supresión polo RLSG do Rexistro de entidades urbanísticas dependente da Xunta de Galicia, polo que, se considera de urxente necesidade proceder á creación dun Rexistro propio, para posibilitar, entre outras, un áxil control da diversidade de entidades vixentes neste termo municipal, o rápido coñecemento dos datos directamente relacionados cos seus órganos de goberno e funcionamento e que permita a actualización permanente da información dispoñible.

V.- Xa que logo, considérase necesario a creación de dito Rexistro propio, no que se incorporarán, como mínimo, os datos que ata agora eran consignados no Rexistro de Entidades Urbanísticas colaboradoras dependente da Xunta de Galicia, así como aqueles que afecten ás entidades que se constitúan nun futuro.

Información que xa obra en poder desta administración trala solicitude efectuada mediante senllos oficios da Vicepresidenta desta XMU de datas 11.11.2016, 7.02.2017 e 12.04.2017 respectivamente, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, da achega dos datos referentes a todas as Entidades urbanísticas colaboradoras constituídas no Concello de Vigo e inscritas no dito Rexistro de EUC. Dito requirimento foi atendido mediante senllos oficios da Dirección Xeral de ordenación do Territorio e urbanismo da Xunta de Galicia e documentación a eles xuntada, en datas 13.12.2016 e 05.05.2017 .

VI.- Por analoxía do criterio competencial consignado no expediente 5180/401 relacionado co presente, así como de conformidade co previsto na normativa de aplicación, previa proposta polo Consello da XMU, proponse á Xunta de goberno local a adopción do seguinte,

Acordo

Primeiro.- Prestar aprobación a incoación da creación do Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras propio do Concello de Vigo, de acordo cos feitos e fundamentos xurídicos ex-

postos, ante a urxente necesidade de atender as demandas achegadas polas diferentes entidades trala supresión polo RLSG do Rexistro de entidades urbanísticas dependente da Xunta de Galicia, co obxectivo de posibilitar un áxil control da diversidade de entidades vixentes neste termo municipal, o rápido coñecemento dos datos directamente relacionados cos seus órganos de goberno e funcionamento e que permita a actualización permanente da información dispoñible.

Segundo.- Encomendar á oficina de Planeamento e Xestión a elaboración e a tramitación do expediente de creación dun Rexistro propio de EUC, coa colaboración do Servizo de informática desta Xerencia municipal de urbanismo.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de informática da XMU para a posta en marcha da correspondente Base de Datos, na que se consignen os datos necesarios para a súa creación.

Cuarto.- Que se continúe co procedemento legalmente establecido para a aprobación da "Ordenanza reguladora do Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras do Concello de Vigo".

Non obstante, este informe proposta non é vinculante e o órgano competente poderá decidir, co seu superior criterio, o que estime conveniente.

En sesión ordinaria de data 27/07/17, o Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, adoptou o seguinte acordo: *"O Consello por unanimidade acorda elevar á Xunta de Goberno Local o presente expediente para a súa resolución"*.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(809).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Isaura Abelairas Rodríguez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez